

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

*[abandona a sesión ás 14h24min, concluído o debate do asunto recollido no punto 7º da orde do día: Moción do Grupo Municipal do PP..]*

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

*[abandona a sesión ás 13h07min, unha vez adoptado o acordo do asunto: Modificación Bases de Execución do Orzamento]*

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as 12 horas e 15 minutos do día vinte e sete de abril de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e Interventora Municipais.

#### Non asiste:

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

#### Secretaria:

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos

#### Interventora

Dna. Lucía Varela Martínez.

*[abandona a sesión ás 13h07min, unha vez adoptado o acordo do asunto: Modificación Bases de Execución do Orzamento]*

A Presidencia logo de dar a benvinda á Interventora Xeral, Dna. Lucía Varela Martínez, abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: - SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/03/2017.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO.**



**Expediente: 2017/G006/000087**

**LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:**

**- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/03/2017.**

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 30/03/2017.

Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 30/03/2017.

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro”

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto da acta anterior.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte quen apunta un erro na páxina 19 do borrador da acta da sesión anterior, cando se fala do “Centro de Maiores” xa que o correcto sería dicir que: “o Centro de Maiores, cando era o Centro de Saúde” e apunta a que a súa denominación era “Paulino Pérez”. Tamen quere deixar constancia que, na pregunta 3 do seu grupo, relativa ao asfaltado do “Camiño de Alvite” os veciños viñeron antes e durante a realización da obra e que un concelleiro lles respondeu que se ían atender as súas peticións.

Concluídas as intervencións, sométese o borrador da acta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 30/03/2017.

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

**2.-ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

**“DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: Ordinaria de data luns 24 de abril de 2017**

**EXPDTE: 2017/G012/000006**

**Sesión nº: 15/2015-2019**

**2.- ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **"PROPOSTA DE DITAME Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**Expediente núm.:** 2017/G006/000087

**Procedemento:** Elección de Xuíz de Paz Titular.

Logo de ver o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rexistro de entrada nº 1581 de 28.03.2017, polo que se comunica a este Concello a proximidade do vencemento do período, catro anos, polo que se nomeou xuíz de paz titular deste municipio e se inicie, se así se acorda, novo expediente para elixir xuíz de paz titular no prazo de tres meses, tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial xa que, de non facelo, nomearase directamente pola Sala de Goberno do dito Tribunal.

Tendo en conta a providencia desta Alcaldía e o Informe da Secretaría Xeral sobre o procedemento, de data 19.04.2017 sométese, a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Titular no Concello de Ponte deume.

**SEGUNDO.-** Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe."

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **5 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE(4): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, e do BNG-AA (1): Dna. Ana Veira García, e **2 abstencións** do concelleiro e concelleira do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra como portavoz do Grupo Municipal do PP Dna. Ascensión de Vicente Olarte que indica que votarán a favor xa que se trata dun mero trámite.

Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA anuncia o voto a favor do seu grupo por se tratar, igual que dixo a concelleira do PP, dun mero trámite, que hai que cumprir.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO:**



**PRIMEIRO.-** Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Titular no Concello de Pontedeume.

**SEGUNDO.-** Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Pontedeume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### **3.- APROBACIÓN DIRECTRICES CONSULTA PÚBLICA PREVIA. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación.

#### **"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: Ordinaria de data luns 24 de abril de 2017**

**EXPDTE: 2017/G012/000006**

**Sesión nº: 15/2015-2019**

### **3.- APROBACIÓN DIRECTRICES CONSULTA PÚBLICA PREVIA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE DITAME**

*Tendo en conta a entrada en vigor da Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Comun de las Administraciones Publicas e que a mesma establece unha regulación completa e sistemática das relacións «ad extra» entre as Administracións e os administrados, tanto no referente ao exercicio da potestade de autotutela e en cuxa virtude se ditan actos administrativos que inciden directamente na esfera xurídica dos interesados, como no relativo ao exercicio da potestade regulamentaria e a iniciativa lexislativa.*

*Reforzase así a participación cidadá, a seguridade xurídica e a revisión do ordenamento. Con estes obxectivos, establécense por primeira vez nunha lei as bases con arranxo ás cales se ha de desenvolver a iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria das Administracións Públicas co obxecto de asegurar o seu exercicio de acordo cos principios de boa regulación, garantir de modo adecuado a audiencia e participación dos cidadáns na elaboración das normas e lograr a predictibilidade e avaliación pública do ordenamento, como corolario imprescindible do dereito constitucional á seguridade xurídica. Con esta regulación séguense as recomendacións que nesta materia formulou a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) no seu informe emitido en 2014 «Spain: From Administrative Reform to Continuous Improvement».*

*Un dos eidos de participación cidadá no ámbito local é a introducción do procedemento de consulta pública previa no procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do concello de Pontedeume que por medio das presentes directrices se desenvolve e establece o réxime xurídico do mesmo.*

*En consecuencia co anterior, **PROPOÑO:***

**PRIMEIRO:** A aprobación das directrices da consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Pontedeume segundo o literal que se transcribe:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDIMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME

1. **Obxecto.**
2. **Ámbito de aplicación.**
3. **Competencia.**
4. **Contido da consulta pública previa.**
5. **Prazo e destinatarios/as.**
6. **Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.**
7. **Desenvolvemento da consulta pública previa.**
8. **Datos persoais e comunicacións electrónicas.**
9. **Publicación e entrada en vigor.**

#### 1. Obxecto.

1.1. As presentes directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Ponte deume.

1.2. Con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través da sede electrónica municipal (portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)) na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### 2. Ámbito de aplicación.

2.1. A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais, resulta conveniente que exista un documento base ou borrador de proxecto que será sometido a consulta.

2.2. Quedarán excluídas do trámite da consulta pública as iniciativas para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario ou organizativo que afecten unicamente a aspectos internos da organización administrativa.

2.3. Poderá prescindirse do trámite da consulta pública nos seguintes casos, o que deberá quedar acreditado no expediente:

- a) Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.
- b) Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

#### 3. Competencia.



3.1. *Corresponderalle á Alcaldía acordar o sometemento ou non a consulta pública das ordenanzas e regulamentos municipais, de forma motivada e xustificada de acordo co sinalado no apartado anterior.*

#### **4. Contido da consulta pública previa.**

4.1. *A proposta da Alcaldía para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:*

- a) *Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) *As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.*
- c) *A necesidade e oportunidade da súa aprobación.*
- d) *Os obxectivos da norma.*

4.2. *Co obxecto de que os/as destinatarios/as da futura norma poidan manifestarse sobre os aspectos sinalados no punto 4.1, a proposta conterá unha descrición clara e concisa destes, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.*

4.3. *Poderán establecerse outras medidas adicionais ou complementarias para incentivar ou fomentar a participación cidadá nas materias que lles afectan, de modo que as disposicións municipais que se vaian aprobando teñan en conta o parecer dos/as seus/súas destinatarios/as.*

#### **5. Prazo e destinatarios/as.**

5.1. *O prazo xeral para a consulta pública de cada iniciativa será de 15 días naturais, naturais, aínda que a Alcaldía poderá acordar un prazo superior nos supostos en que se considere necesario. Tamén poderá prorrogarse este prazo por outros 15 días máis.*

5.2. *Con carácter xeral os/as destinatarios/as da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Pontedeume, ou que acrediten a condición de interesados/as, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.*

5.3 *Excepcionalmente a Alcaldía poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no punto 5.2 poida ser ampliado ou restrinxido. No suposto de restrinxirse os/as destinatarios/as deberá de motivarse moi detalladamente as razóns que xustifican este criterio que é a excepción á regra xeral.*

5.4 *Unha vez rematado este prazo, non se admitirán a trámite as alegacións ou suxestións presentadas fóra de prazo, aínda que o contido seguirá estando dispoñible no portal web a título informativo.*

#### **6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.**

6.1. *O espazo do portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal) dedicado á consulta pública previa recollerá una listaxe das iniciativas normativas nas que se encontre aberto este trámite, co título e a data na que finaliza o prazo da consulta.*

6.2. *O punto de acceso para a consulta pública previa conterá tanto os proxectos normativos sometidos a consulta públicas que teñan aberto o seu prazo de consulta, como aqueles para os que o trámite xa rematara, ao que se poderá acceder aínda que non estea pechado o prazo de consultas.*

#### **7. Desenvolvemento da consulta pública previa.**

7.1. *No portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal) figurará nun lugar visible un punto de acceso para a consulta pública previa, del tal xeito que se facilite a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da ordenanza ou regulamento municipal.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7.2. Para tales efectos figurará no dito portal o acordo de inicio do expediente e a información prevista nos puntos 4.1 e 4.2, así como as indicacións necesarias para o uso da canle que permita á cidadanía manifestar a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa os servizos municipais correspondentes por razón da materia elaborarán unha memoria co resultado da consulta, indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais suxestións emitidas e a súa conveniencia ou viabilidade para incorporalas á disposición normativa en tramitación.

### 8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.

8.1. O portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal) disporá das medidas precisas para garantir a protección dos datos persoais das persoas físicas que queiran intervir na consulta pública previa nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8.2. O portal web disporá das medidas precisas para garantir que as comunicacións electrónicas realizadas durante a tramitación da consulta pública previa posibiliten a constancia da transmisión e recepción das comunicacións.

### 9. Publicación e entrada en vigor.

9.1. Estas directrices serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no portal de transparencia da sede electrónica municipal, e terán efectos unha vez transcorrido o prazo dun mes dende a publicación no citado boletín provincial, sen afectar aos procedementos para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais iniciados con anterioridade.

**SEGUNDO:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no portal de transparencia da sede electrónica municipal o texto íntegro das mesmas para xeral coñecemento.

Asina dixitalmente o Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe.”

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dña. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): Dña. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra a portavoz do Grupo Municipal do PP, Dña. Ascensión de Vicente Olarte que, anunciando o voto favorable do seu grupo, xa que se trata do cumprimento do establecido na lei, preguntase se non se complicará máis a xestión administrativa en vez de axilizarse.

Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA indica tamén que o sentido do voto do seu grupo será a favor, xa que se trata do cumprimento da lei. Dito isto, indica que lle gustaría que a aprobación destas directrices se tivera feito con anterioridade, en relación a que xa se ten exposto a consulta pública previa un expediente, cando considera que non se tiña información ao respecto. Roga que se lle dea difusión aos procedementos deste tipo, para que a cidadanía saiba que ten estes recursos de participación.



Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** A aprobación das directrices da consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Pontedeume segundo o literal que se transcribe:

## **DIRECTRICES SOBRE A CONSULTA PÚBLICA PREVIA NO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DAS ORDENANZAS E REGULAMENTOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

### **1. Obxecto.**

### **2. Ámbito de aplicación.**

### **3. Competencia.**

### **4. Contido da consulta pública previa.**

### **5. Prazo e destinatarios/as.**

### **6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.**

### **7. Desenvolvemento da consulta pública previa.**

### **8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.**

### **9. Publicación e entrada en vigor.**

#### **1. Obxecto.**

1.1. As presentes directrices teñen por obxecto incorporar a consulta pública previa no procedemento para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Pontedeume.

1.2. Con carácter previo á redacción do texto dunha ordenanza ou regulamento municipal, formularase unha consulta pública a través da sede electrónica municipal (portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)) na que se solicitará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **2. Ámbito de aplicación.**

2.1. A consulta pública será esixible con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais, resulta conveniente que exista un documento base ou borrador de proxecto que será sometido a consulta.

2.2. Quedarán excluídas do trámite da consulta pública as iniciativas para a aprobación de ordenanzas e regulamentos municipais de carácter orzamentario ou organizativo que afecten unicamente a aspectos internos da organización administrativa.

2.3. Poderá prescindirse do trámite da consulta pública nos seguintes casos, o que deberá quedar acreditado no expediente:

a) Cando existan razóns graves de interese público que así o xustifiquen.

b) Cando a iniciativa normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia.

#### **3. Competencia.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.1. Corresponderalle á Alcaldía acordar o sometemento ou non a consulta pública das ordenanzas e regulamentos municipais, de forma motivada e xustificada de acordo co sinalado no apartado anterior.

### 4. Contido da consulta pública previa.

4.1. A proposta da Alcaldía para o sometemento a consulta previa da iniciativa normativa, conterá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.
- c) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- d) Os obxectivos da norma.

4.2. Co obxecto de que os/as destinatarios/as da futura norma poidan manifestarse sobre os aspectos sinalados no punto 4.1, a proposta conterá unha descrición clara e concisa destes, na que se incluírá toda a información e documentación precisa. Así mesmo, a proposta poderá engadir calquera outra información que se considere relevante para a consulta.

4.3. Poderán establecerse outras medidas adicionais ou complementarias para incentivar ou fomentar a participación cidadá nas materias que lles afectan, de modo que as disposicións municipais que se vaian aprobando teñan en conta o parecer dos/as seus/súas destinatarios/as.

### 5. Prazo e destinatarios/as.

5.1. O prazo xeral para a consulta pública de cada iniciativa será de 15 días naturais, naturais, aínda que a Alcaldía poderá acordar un prazo superior nos supostos en que se considere necesario. Tamén poderá prorrogarse este prazo por outros 15 días máis.

5.2. Con carácter xeral os/as destinatarios/as da consulta pública serán persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Ponte deume, ou que acrediten a condición de interesados/as, así como as organizacións e asociacións legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma.

5.3. Excepcionalmente a Alcaldía poderá recoller a necesidade motivada de que o criterio establecido no punto 5.2 poida ser ampliado ou restrinxido. No suposto de restrinxirse os/as destinatarios/as deberá de motivarse moi detalladamente as razóns que xustifican este criterio que é a excepción á regra xeral.

5.4. Unha vez rematado este prazo, non se admitirán a trámite as alegacións ou suxestións presentadas fóra de prazo, aínda que o contido seguirá estando dispoñible no portal web a título informativo.

### 6. Estrutura do punto de acceso para a consulta pública previa.

6.1. O espazo do portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal) dedicado á consulta pública previa recollerá una listaxe das iniciativas normativas nas que se encontre aberto este trámite, co título e a data na que finaliza o prazo da consulta.

6.2. O punto de acceso para a consulta pública previa conterá tanto os proxectos normativos sometidos a consulta públicas que teñan aberto o seu prazo de consulta, como aqueles para os



que o trámite xa rematara, ao que se poderá acceder aínda que non estea pechado o prazo de consultas.

## **7. Desenvolvemento da consulta pública previa.**

7.1. No portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal) figurará nun lugar visible un punto de acceso para a consulta pública previa, del tal xeito que se facilite a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da ordenanza ou regulamento municipal.

7.2. Para tales efectos figurará no dito portal o acordo de inicio do expediente e a información prevista nos puntos 4.1 e 4.2, así como as indicacións necesarias para o uso da canle que permita á cidadanía manifestar a súa opinión sobre a iniciativa normativa.

7.3. Unha vez rematado o período de consulta previa os servizos municipais correspondentes por razón da materia elaborarán unha memoria co resultado da consulta, indicación do número de participantes, número de opinións emitidas e un resumo das principais suxestións emitidas e a súa conveniencia ou viabilidade para incorporalas á disposición normativa en tramitación.

## **8. Datos persoais e comunicacións electrónicas.**

8.1. O portal web [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal) disporá das medidas precisas para garantir a protección dos datos persoais das persoas físicas que queiran intervir na consulta pública previa nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

8.2. O portal web disporá das medidas precisas para garantir que as comunicacións electrónicas realizadas durante a tramitación da consulta pública previa posibiliten a constancia da transmisión e recepción das comunicación.

## **9. Publicación e entrada en vigor.**

9.1. Estas directrices serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no portal de transparencia da sede electrónica municipal, e terán efectos unha vez transcorrido o prazo dun mes dende a publicación no citado boletín provincial, sen afectar aos procedementos para a elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais iniciados con anterioridade.

**SEGUNDO:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no portal de transparencia da sede electrónica municipal o texto íntegro das mesmas para xeral coñecemento.

## **4.- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO DO PLENO DE DATA 23.02.2017: PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) POS 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

### **"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN:** Ordinaria de data luns 24 de abril de 2017

**EXPDTE:** 2017/G012/000006

**Sesión nº:** 15/2015-2019

### **4.- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO DO PLENO DE DATA 23.02.2017: PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) POS+ 2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **“.PROPOSTA DE DITAME**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ASUNTO.- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO DO PLENO DE DATA 23.02.2017: PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+ 2017". ACORDOS QUE PROCEDAN**

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA)**

Visto o acordo do Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 23.02.2017, e advertido por parte desta Alcaldía a existencia, na parte resolutiva, de erros materiais de transcripción que poden afectar ao expediente administrativo da súa razón.

Na parte resolutiva do Acordo, no resolvo primeiro, no apartado D) Resumo, no total do resumo das "Achegas 2017", "Achega 2016" e "Préstamo 2017", ONDE DI:

"[...]"

**D ) Resumo:**

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
[...]			
<b>TOTAL</b>	580.922,22 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

**DEBE DICIR:**

**D ) Resumo:**

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
[...]			
<b>TOTAL</b>	580.922,23 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

"[...]"

No resolvo segundo do Acordo do Pleno do Concello, no referente ás obras a incluír no Plan Complementario do ano 2017, advírtese un erro no orzamento do proxecto de obra "Parque infantil en Urbanización Olmo", motivado pola presentación dun primeiro proxecto de obra en data 31.01.2017 (nre 580) cun orzamento total de 32.049,44 €, corrixido posteriormente en data 07.02.2017 (nre 20179990000009) contando cun novo orzamento total de 32.311,36 €, sendo o proxecto de data 07.02.2017 o proxecto final e ao que fan referencia os informes técnicos e xurídicos. En base a esto, no resolvo segundo, ONDE DI:

"[...]"

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:



<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b> <b>(mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.049,44 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>121.720,29 €</b>

DEBE DICIR:

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b> <b>(mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.311,36 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>121.982,21 €</b>

[...]

Proponse á Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno que dictamine favorablemente a seguinte **PROPOSTA**:

**PRIMEIRO.-** Rectificar a parte resolutiva do Acordo do Pleno do Concello de data 23.02.2017, no seguinte sentido:

Na parte resolutiva do Acordo, no resollo primeiro, no apartado D) Resumo, no total do resumo das "Achegas 2017", "Achega 2016" e "Préstamo 2017",

ONDE DI:

"[...]"

**D ) Resumo:**

<b>SUBTOTAIS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
[...]			

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	<b>TOTAL</b>	580.922,22 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>
--	--------------	--------------	--------	---------------------

[...]"

DEBE DICIR:

**D ) Resumo:**

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total	
[...]				
	<b>TOTAL</b>	580.922,23 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

[...]"

No resolvo segundo do Acordo do Pleno do Concello, no referente ás obras a incluír no Plan Complementario do ano 2017, advírtese un erro no orzamento do proxecto de obra "Parque infantil en Urbanización Olmo", motivado pola presentación dun primeiro proxecto de obra en data 31.01.2017 (nre 580) cun orzamento total de 32.049,44 €, corrixido posteriormente en data 07.02.2017 (nre 201799900000009) contando cun novo orzamento total de 32.311,36 €, sendo o proxecto de data 07.02.2017 o proxecto final e ao que fan referencia os informes técnicos e xurídicos. En base a isto, no resolvo segundo,

ONDE DI:

[...]"

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.049,44 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>121.720,29 €</b>

[...]"

DEBE DICIR:



[...]

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.311,36 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>121.982,21 €</b>

[...].

**SEGUNDO.-** Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

Non obstante, a Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno dictaminará o que estime oportuno.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro.”

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que, ao tratarse dunha corrección de erros non hai nada que engadir.

Dna. Ana Veira García anuncia o voto favorable do seu grupo por se tratar dunha corrección de erros, se ben recordan que o sentido do voto ao respecto do fondo do asunto non foi a favor polas actuacións programadas.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Rectificar a parte resolutiva do Acordo do Pleno do Concello de data 23.02.2017, no seguinte sentido:

Na parte resolutiva do Acordo, no resollo primeiro, no apartado D) Resumo, no total do resumo das “Achegas 2017”, “Achega 2016” e “Préstamo 2017”,

ONDE DI:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

[...]

### D ) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
[...]			
<b>TOTAL</b>	580.922,22 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

[...]"

DEBE DICIR:

### D ) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
[...]			
<b>TOTAL</b>	580.922,23 €	0,00 €	<b>580.922,23 €</b>

[...]"

No resolvo segundo do Acordo do Pleno do Concello, no referente ás obras a incluír no Plan Complementario do ano 2017, advírtese un erro no orzamento do proxecto de obra "Parque infantil en Urbanización Olmo", motivado pola presentación dun primeiro proxecto de obra en data 31.01.2017 (nre 580) cun orzamento total de 32.049,44 €, corrixido posteriormente en data 07.02.2017 (nre 201799900000009) contando cun novo orzamento total de 32.311,36 €, sendo o proxecto de data 07.02.2017 o proxecto final e ao que fan referencia os informes técnicos e xurídicos. En base a isto, no resolvo segundo,

ONDE DI:

[...]

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.049,44 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>



<b>TOTAIS</b>	<b>121.720,29 €</b>

[...]"

DEBE DICIR:

"[...]"

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2017 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
Parque infantil en Urbanización Olmo	<b>32.311,36 €</b>
Renovación da estación de bombeo de saneamento de augas residuais en Centroña	<b>30.450,56 €</b>
Pavimentación en Rosales e Eduardo Pondal	<b>59.220,29 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>121.982,21 €</b>

[...]"

**SEGUNDO.-** Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos.

**5.- ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2016-2017. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

**"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: Ordinaria de data luns 24 de abril de 2017**

**EXPDTE: 2017/G012/000006**

**Sesión nº: 15/2015-2019**

**FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

A Presidencia propón, para a súa inclusión na orde do día, previa declaración da urxencia, o asunto seguinte:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### - ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2016-2017. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### “PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E

#### CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.

Esta Alcaldía-Presidencia formula á Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE DITAME**:

Considerando que con data 23/02/2017 aprobouse inicialmente a da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a

familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017. Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Ponte deume, previo Ditame da Comisión Informativa.

Considerando que con data 2/03/2017 publicouse, no Boletín Oficial da Provincia nº 42, anuncio da aprobación inicial das Ordenanza Material escolar. Curso 2016-2017, para que os interesados presenten a alegacións ou suxeicións que consideren oportunas polo período de trinta días, presentándose as seguintes alegacións, suxeicións ou observacións:

1. RE nº 1424 de 22/03/2017 por Ana Veira Portavoz do BNG-AA Considerando que informáronse os Servizos Municipais das reclamacións, reparos ou observacións presentadas durante o período de información pública, e ao respecto emitíuse informe por parte da coordinadora de SS, a educadora social e o traballador social de Ponte deume de data 12.04.2017, no sentido seguinte:

“ INFORME

**Informe** emitido polos servizos sociais do Concello de Ponte deume

**Dirixido a:** Alcaldía

**Motivo:** Informe requirido en relación ás alegacións feitas á aprobación inicial da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para adquisición de material escolar, curso escolar 2016 – 2017.

En primeiro lugar cómpre lembrar que houbo un período de 15 días naturais de consulta pública previa á elaboración da Ordenanza, para dar cumprimento ó establecido no artigo 133.2 da Lei 39/2015 de 1 outubro, e que neste prazo de tempo non se recibiu ningunha suxeición nin aportación.

Trala aprobación inicial da Ordenanza presentouse un escrito de alegacións, con data 22/03/2017 e con número de rexistro de entrada 1424. No referente a estas alegacións indicar o seguinte:

1) En relación á alegación segunda, e dado que existe unha incoherencia entre o punto 1 e o punto 2 do artigo 2, propoñemos modificar a redacción do artigo 2.1 que quedaría redactado do seguinte xeito: “1.- Estas axudas para a adquisición de material escolar van destinadas ó alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, que pertenza a unha unidade familiar con ingresos anuais (base impositiva xeral



máis base impositiva do aforro) non superiores a 18.000 euros, se ben no caso de familias numerosas incrementárase o umbral en 602,00 euros a partir do terceiro fillo.”

2) En relación á primeira e terceira alegación, sinalar o seguinte:

Consideramos que se podería valorar a posibilidade establecer un límite de ingresos máis elevado ou fixar un baremo económico por renda per cápita ou por tramos de ingresos segundo número de convivintes. Non obstante calquera destas alternativas precisaría valorar todo o que conlevaría modificar a Ordenanza. É dicir, en caso de establecer un baremo por renda per cápita ou por tramos de ingresos sería preciso:

§ Definir que membros da unidade de convivencia van computar, é dicir, fixar o que sería a unidade económica de convivencia.

§ Establecer de onde se van obter os datos de convivencia. Entendemos que o correcto sería utilizar os datos que figuran no Padrón de habitantes, pero é sabido que estes datos non sempre se corresponden coa convivencia real e efectiva.

§ Ter acceso ós datos tributarios de tódolos membros da unidade económica de convivencia. É dicir, sería preciso que os solicitantes achegaran documentación tributaria de tódolos membros que computan, ou que o Concello puidera obter esta información por outros medios.

En consecuencia calquera modificación neste senso suporía profundos cambios; tanto para os solicitantes, á hora de presentar a solicitude, como para o Concello, á hora de xestionar as solicitudes. Ademais isto suporía un incremento importante da carga de traballo administrativo vinculado ás Axudas de material escolar, que non é unha función da Comisión avaliadora, polo que sería preciso asignar persoal administrativo que se ocupara da tramitación das solicitudes.

Dado que estamos xa a finais de curso, estimamos que non é momento de entrar a realizar estas modificacións na Ordenanza, posto que se retrasaría todo o proceso de concesión das axudas de material escolar.

**Por último, consideramos que a Ordenanza do vindeiro curso escolar podería modificarse e fixar un baremo económico por tramos de ingresos segundo o número de convivintes, dado que entendemos que é máis xusto e equitativo.**

Se ben previamente sería necesario ter en conta todos os cambios que isto vai supor á hora de xestionar as solicitudes e deberíanse adoptar as medidas necesarias para garantir unha tramitación áxil de todo o procedemento.

Pontedeume, 12 de abril de 2017.

A coordinadora de SS.SS. A educadora social O traballador social Josefa Tenreiro Martínez Olimpia Sánchez Martínez X. Iván Mesura Souto”

Visto canto antecede propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Estimar parcialmente a alegación presentada por Dona Ana Veira García, Portavoz do BNG-AA no Concello de Pontedeume, en relación co expediente de aprobación de Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017.

Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Pontedeume, polos motivos expresados no Informe do departamento de servizos sociais anteriormente transcrito, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**SEGUNDO.** Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017. Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Pontedeume, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das alegacións

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

estimadas, nos termos en que figura no expediente coa redacción que a continuación se recolle:

### **«ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2016-2017. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.**

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de Educación Infantil, Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ena Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2017.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Estas axudas para a adquisición de material escolar van destinadas ó alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, que pertenza a unha unidade familiar con ingresos anuais (base imponible xeral máis base imponible do aforro) non superiores a 18.000 euros, se ben no caso de familias numerosas incrementárase o umbral en 602,00 euros a partires do terceiro fillo.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria obrigatoria, empadroados no Concello de Ponte deume.

3.- As becas adxudicaranse por estrito orde de puntuación ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible regulada no artigo 1º. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate continúa valorarase a renda per cápita máis baixa.

#### **Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.**



3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

*Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

### 3.3.- **Documentación a presentar:**

1.- Solicitud, segundo o modelo establecido.

2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.

3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.

4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2015 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.- Certificación da conta bancaria da/do solicitante.

6.- Copia da matrícula do presente curso.

7.- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes,segundo o modelo establecido.

8.- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.

9.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume,segundo o modelo establecido.

10.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

11.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

12.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

### **Artigo 4º.- Criterio de avaliación.**

Á vista das solicitudes presentadas, estudaranse pola comisión avaliadora, e concederáanse en función dos seguintes conceptos:

1.- Número de membros da unidade familiar.

2.- Condicións familiares da/o solicitante.

3.- Ingresos familiares.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

### 1.- Número de membros da unidade familiar.

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillas/os menores de 18 anos ou fillas/os maiores de 18 anos cunha discapacidade superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para que os efectos de cálculo da renda per cápita, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

### 2.- Condicións familiares da/o solicitante.

Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

Por familia numerosa (título): 1 punto.

### 3.- Ingresos familiares:

Para estes efectos, teñen a consideración de ingresos familiares a suma da parte da base imponible xeral máis a parte da base imponible do aforro, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas ás que se fai referencia obtéranse como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Ponderaranse do seguinte xeito:

- Ingresos, ata 4.500,00 euros: + 4 puntos.
- De 4.500,01 ata 9.000,00 euros: + 3 puntos.
- De 9.000,01 ata 13.500,00 euros: + 2 puntos.
- De 13.500,01 ata 18.000,00 puntos: +1 punto.

Os peticionarios con ingresos superiores a 18.000,00 euros non terán dereito á axuda coa salvedade prevista no artigo 2 punto 1 desta convocatoria.

### Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume.



d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando tanta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.

e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos

f) Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta información.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

### **Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.**

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de tantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume (B.O.P. Nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

- Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.
- Vogais:
  - A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.
  - A educadora social.
  - O traballador social.
- Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houberse, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.

2.- A contía da axuda, por alumno/a, será de 60,00 euros (o importe sobrante distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

### **Artigo 7.- Xustificación e pagamento.**

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.

- Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.

- Número de factura e data de emisión.

- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.

- Relación detallada do que se adquiriu.

b) Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

c) Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta documentación.

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2016 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade

subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.



4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

#### **Disposición adicional.**

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Disposición final.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta ordenanza consta de 7 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.»

**TERCEIRO.** Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017. Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Pontedeume no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.pontedeume.es/gl/>], entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

Documento asinado electronicamente polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe.”

De seguido sométese a votación a **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DO ASUNTO E A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA**, quedando **RATIFICADA A URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por 4 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): Dna. Ana Veira García.

A Presidencia abre unha quenda de intervencións...//...

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos/as membros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA (1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral. A Concelleira de Educación di que dende o goberno se considera que hai que seguir adiante para coa tramitación da ordenanza e que se terán en conta as aportacións plantexadas para a seguinte convocatoria de axudas.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte. A portavoz do Grupo Municipal do PP fai referencia ás dúas partidas que se recollen no orzamento actual para as axudas de material escolar e plantexa a problemática que se pode suscitar se se quere modificar a ordenanza respecto ao que se indica no informe de servizos sociais, así como que cre que non vai dar tempo, polo que o sentido do seu voto vai ser a abstención.

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que se valorará e se estudará o procedemento.

De seguido intervéñen Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA di que vai manter a súa proposta dende o principio, que dende o seu grupo non van a apoiar este regulamento e que sobre os tempos, considera que non se fixo ningún traballo ao respecto dende o mes de xuño de 2016, cando dende o seu grupo se advertiu a necesidade de actuar na dita ordenanza. Considera que existiu unha falta de previsión. Ademais, bota en falta o modelo de solicitude, que non se ten presentado como parte da documentación. Di que hai incoherencias entre o informe e o regulamento que se vai aprobar, en relación á unidade de convivencia ao que se fai referencia no informe e que non se recolle no regulamento..... Considera que non aceptando modificar en profundidade a ordenanza estase relegando a un segundo plano a xustiza social e entende que é labor do goberno a organización, en relación aos tempos e á carga de traballo que se alega á hora de non ter valorado unha modificación profunda da a ordenanza. É por isto que anuncia o voto en contra do seu grupo.

Dna. Raquel Caruncho Corral insiste en que se valorarán as distintas aportacións coa intención de mellorar a ordenanza.

Prodúcese un debate ao respecto do informe emitido, que pecha o Sr. Alcalde-Presidente, que indica que foi emitido para dar resposta á alegación presentada polo BNG-AA. Dedefende a proposta do goberno local considerando que se ben pode haber unha opción máis xusta, non quere dicir que a ordenanza sexa inxusta. Asume que non se actuou en tempo para a reformulación do texto da ordenanza, pero que se terán en conta as aportacións realizadas para unha próxima convocatoria.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; **3 abstencións** dos membros do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e **1 voto en contra** da representante do Grupo Municipal do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Estimar parcialmente a alegación presentada por Dona Ana Veira García, Portavoz do BNG-AA no Concello de Ponte deume, en relación co expediente de aprobación de Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017.

Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Ponte deume, polos motivos expresados no Informe do departamento de servizos sociais anteriormente transcrito, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente Acordo.

**SEGUNDO.** Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017. Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Ponte deume, unha vez resoltas as



reclamacións presentadas e incorporadas á mesma as modificacións derivadas das alegacións estimadas, nos termos en que figura no expediente coa redacción que a continuación se recolle:

### **«ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2016-2017. EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.**

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de Educación Infantil, Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ena Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto) e roupa (mandilón, chándal e zapatillas de deporte), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2017.

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Estas axudas para a adquisición de material escolar van destinadas ó alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, que pertenza a unha unidade familiar con ingresos anuais (base impositiva xeral máis base impositiva do aforro) non superiores a 18.000 euros, se ben no caso de familias numerosas incrementarase o umbral en 602,00 euros a partires do terceiro fillo.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria obrigatoria, empadroados no Concello de Pontedeume.

3.- As becas adxudicaranse por estrito orde de puntuación ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible regulada no artigo 1º. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate continúa valorarase a renda per cápita máis baixa.

#### **Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.**

3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 3.3.- Documentación a presentar:

- 1.- Solicitud, segundo o modelo establecido.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.
- 4.- Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2015 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- 5.- Certificación da conta bancaria da/do solicitante.
- 6.- Copia da matrícula do presente curso.
- 7.- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.
- 8.- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.
- 9.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume, segundo o modelo establecido.
- 10.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.
- 11.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.
- 12.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

### Artigo 4º.- Criterio de avaliación.

Á vista das solicitudes presentadas, estudaríanse pola comisión avaliadora, e concederíanse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.



A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

### **1.- Número de membros da unidade familiar.**

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillas/os menores de 18 anos ou fillas/os maiores de 18 anos cunha discapacidade superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para que os efectos de cálculo da renda per cápita, incrementaranse nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

### **2.- Condicións familiares da/o solicitante.**

Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

Por familia numerosa (título): 1 punto.

### **3.- Ingresos familiares:**

Para estes efectos, teñen a consideración de ingresos familiares a suma da parte da base imponible xeral máis a parte da base imponible do aforo, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas ás que se fai referencia obtéranse como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Ponderaranse do seguinte xeito:

- Ingresos, ata 4.500,00 euros: + 4 puntos.
- De 4.500,01 ata 9.000,00 euros: + 3 puntos.
- De 9.000,01 ata 13.500,00 euros: + 2 puntos.
- De 13.500,01 ata 18.000,00 puntos: +1 punto.

Os peticionarios con ingresos superiores a 18.000,00 euros non terán dereito á axuda coa salvedade prevista no artigo 2 punto 1 desta convocatoria.

### **Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.**

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Pontedeume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos

f) Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta información.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

### Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P. Nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

- Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.
- Vogais:
  - A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.
  - A educadora social.
  - O traballador social.
- Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde - Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houberse, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15



días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.

2.- A contía da axuda, por alumno/a, será de 60,00 euros (o importe sobrante distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

#### **Artigo 7.- Xustificación e pagamento.**

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.

As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

- Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.
- Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.
- Número de factura e data de emisión.
- Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.
- Relación detallada do que se adquiriu.

b) Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

c) Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta documentación.

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2016 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

#### **Disposición adicional.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón la Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

### Disposición final.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta ordenanza consta de 7 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final.»

**TERCEIRO.** Publicar devandito Acordo definitivo co texto íntegro da Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar a familias con escasos recursos económicos, curso escolar 2016-2017. Educación Infantil, Primaria e ESO do concello de Ponte deume no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica deste Concello [dirección <https://sede.pontedeume.es/gll/>], entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**CUARTO.** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

### FÓRA DA ORDE DO DÍA:

A Presidencia propón para a súa inclusión na orde do día, previa ratificación da urxencia os asuntos seguintes:

#### **- 2ª LICITACIÓN CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Exp. 2016/C004/000004): PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

A Presidencia xustifica a urxencia do asunto para coa regularización do servizo, que leva anos nunha situación legalmente cuestionable e que, de non tratarse nesta sesión, habería que agardar un mes mais.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **2ª LICITACIÓN CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (Exp. 2016/C004/000004): PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

**(Expediente: 2017/G006/000094 )**

*Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno do Concello de Ponte deume celebrado en sesión ordinaria o 30.03.2017, que se transcribe a continuación:*



**"PRIMEIRO.-** Seleccionar á empresa "Virxe do Carme S.L." como a autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación no contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume, de acordo co seguinte orde de clasificación recollida na acta da mesa de contratación de data 03.03.2017:

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE B</b>	<b>PUNTUACIÓN SOBRE C</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
<b>Virxe do Carme S.L</b>	<b>38,5</b>	<b>52,8</b>	<b>91,3</b>
<b>Atendo Calidade S.L.</b>	33,86	56,39	90,25
<b>Senes Cit S.L.</b>	35	50,4	85,4
<b>OHL Servicios Ingesan S.A.</b>	37,93	46,07	84
<b>Idades S.L.</b>	36,04	47,8	83,84
<b>Servital Servicios Sanitarios S.L.</b>	30,82	46,8	77,62
<b>Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.</b>	27,19	49,89	77,08
<b>UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.</b>	9,7	46,13	55,83
<b>Fundación Einsa</b>	30,12	0	30,12

**SEGUNDO.-** Aprobar a proposta de adjudicación da contratación á empresa "Virxe do Carme S.L.", nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, e prescricións técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

- Virxe do Carme S.L.

Oferta económica

De luns a sábados	12,3 € por hora de servizo sen iva engadido
Domingos e festivos	12,5 € por hora de servizo sen iva engadido

Proxecto técnico e melloras segundo proposta que obra no expediente.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Requirir a empresa Virxe do Carme S.L., segundo o establecido nos artigos 146.1 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e cláusula 17ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de 5 DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos que foron substituídos por declaración responsable do licitador).

- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.

- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP.

- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de licitación do contrato - IVE excluído- Cláusula 18 PCAP).

- Así mesmo, aportará autorización para descontar da primeira factura que se presente todos os custos de publicidade que leve implícito o contrato.

- Achegará igualmente o documento de habilitación profesional, no caso de non estar xa presentado así como a acreditación da póliza do seguro de RC esixido conforme ao presente prego.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación á adopción do acordo que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e servizos sociais aos efectos oportunos, así como dar traslado ao Tribunal administrativo central de recursos contractuais"

Unha vez que a entidade Virxe do Carme S.L. presentou o 18/04/2017 no Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume a documentación requirida, con entrada nº 1945, así como aclaratorio da natureza dos avais presentados, derivado dun erro tipográfico da entidade bancaria, correspondentes ás garantías definitiva e complementaria.

Emitido informe técnico do servizo de data 20 de abril de 2017

Logo de ver o informe da Intervención Municipal de fiscalización do expediente (fase D) de data 24 de abril de 2017 no que se fiscaliza favorablemente a adxudicación proposta coas observacións indicadas nos puntos 1 e 6 do presente informe así como o documento contable RC de data 24,04,2017 por importe de 213.616,00 euros.

A ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día da sesión ordinaria do mes de abril de 2017 motivase co fin de que se adopte o acordo de adxudicación do expediente na sesión ordinaria do Pleno do concello de 27.04.2017 sen dilatar máis a resolución dun expediente administrativo que dura xa máis dun ano de tramitación e do que urxe iniciar canto antes a prestación do servizo coa empresa adxudicataria.

Considerando a seguinte lexislación aplicable:



— O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

— O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

— O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).

— A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Considerando o anteriormente exposto **proponse ao Pleno da corporación logo da ratificación da urxencia da inclusión do asunto fora da orde do día da sesión, se procede, a adopción do seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a contratación a "VIRXE DO CARME SL" nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescrición técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

-Oferta económica

De luns a sábados	12,3 € por hora de servizo sen ive engadido
Domingos e festivos	12,5 € por hora de servizo sen ive engadido

-Proxecto técnico e melloras segundo proposta que obra no expediente.

**SEGUNDO.-** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento municipal vixente.

**TERCEIRO.-** Nomear como responsable do contrato a Dna. Josefa Tenreiro Martínez, Traballadora Social, , e como responsable do contrato substituto a Dna. M<sup>a</sup> Olimpia Sánchez Martínez, Educadora Social.

**CUARTO.-** Publicar o anuncio da adxudicación no perfil do contratante ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)), no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

**QUINTO.-** Requirir ao adxudicatario "VIRXE DO CARME SL". para que no prazo de 15 días hábiles a contar dende a recepción da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

**SEXTO.-** Notificar a presente resolución ao resto das empresas licitadores e aos departamentos de Intervención e Servizos Sociais Municipais.

Asina dixitalmente o Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe."

De seguido, sométese a votación a RATIFICACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, quedando **RATIFICADA POR UNANIMIDADE dos/las membros presentes A URXENCIA E A A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte, quen considera que non tiveron o tempo suficiente para analizar o asunto xa que a documentación foi remitida o día 25 ás 15:30h e que hai varios puntos que queren ter visto antes. Remítese ao informe da Intervención e anuncia a abstención do seu grupo.

De seguido intervén Dna. Ana Veira García, que indica que o seu voto vai seguir sendo a abstención, considerando que se está a adxudicar a unha empresa privada un servizo que debería ser municipal. Plantexa unha serie de preguntas ao respecto do que supón cara a empresa que está a levar este servizo así como para a subrogación das traballadoras.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non supón un sobrecusto a prestación actual do servizo e que se prestará ata que empece a nova empresa. Que se subrogará ás traballadoras e que vai supoñer unha mellora nas condicións laborais das traballadoras, segundo referencias doutros concellos onde está a traballar a empresa adxudicatária.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte indica que hai denuncias do PSOE noutros concellos.

Dna. Ana Veira García pide que se exerza un control sobre o correcto desenvolvemento do servizo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta melloras no servizo xa que se vai dispoñer de transporte en ambulancia, utilización de grúas.... Di que o prezo polo que se ten adxudicado o servizo achégase máis ás contías que recolle o convenio.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **4 abstencións** dos membros do Grupo Municipal do PP(3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG-AA (1): Dna. Ana María Veira García, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar a contratación a "VIRXE DO CARME SL" nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, no proxecto e prescrición técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

-Oferta económica

De luns a sábados	12,3 € por hora de servizo sen ive engadido
Domingos e festivos	12,5 € por hora de servizo sen ive engadido

-Proxecto técnico e melloras segundo proposta que obra no expediente.

**SEGUNDO.-** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento municipal vixente.



**TERCEIRO.-** Nomear como responsable do contrato a Dna. Josefa Tenreiro Martínez, Traballadora Social, , e como responsable do contrato substituto a Dna. M<sup>a</sup> Olimpia Sánchez Martínez, Educadora Social.

**CUARTO.-** Publicar o anuncio da adxudicación no perfil do contratante ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)), no Boletín Oficial do Estado (BOE) e no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).

**QUINTO.-** Requirir ao adxudicatario "VIRXE DO CARME SL". para que no prazo de 15 días hábiles a contar dende a recepción da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

**SEXTO.-** Notificar a presente resolución ao resto das empresas licitadores e aos departamentos de Intervención e Servizos Sociais Municipais.

#### **- MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia:

##### **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA**

*Sendo preciso incorporar os cambios necesarios tendentes a acadar unha maior celeridade na tramitación administrativa e axilizar a xestión do orzamento municipal, así como corrixir algún erro detectado na redacción das bases de execución do orzamento, de acordo co que se sinala nos puntos seguintes:*

**1.-** *Atendendo á regulación contida na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, considérase necesario modificar a base número 7 das de execución do orzamento de cara a modificar o nivel de vinculación xurídica aprobado nela, recollendo respecto da clasificación económica: o capítulo (1 dígito) e, respecto da clasificación por programas: a área de gasto (1 dígito), exceptuando os gastos correspondentes a investimento con financiamento afectado,*

**2.-** *Advertido erro na base número 70 das de execución do orzamento, no seu primeiro parágrafo, ao referirse ás subvencións nominativas a concederse no ano 2016 en vez de 2017, procede a súa corrección,*

**3.-** *Respecto da base 11, en relación co rexistro e arquivo dos documentos contables e os seus xustificantes, en aras tamén dunha maior eficacia e economía na xestión dos recursos públicos, e non sendo xa unha obriga imprimir os documentos contables, óptase por non realizar a dita impresión, ao quedar debidamente rexistrados unha vez asentados na contabilidade municipal, puidendo ser obxecto de consulta na propia aplicación informática servida pola Deputación Provincial.*

**4.-** *Respecto da base de execución número 34, relativa á tramitación da facturación electrónica, modificada con respecto ao exercicio 2016, por un erro de redacción non se recolle a excepción de poder presentar factura en papel para aqueles provedores non incluídos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, isto é, ás persoas físicas que exerzan unha actividade profesional para a que non se requira colexiación obrigatoria, sempre e cando o importe da factura non supere os 2.000 euros.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5.- En relación coa base 49, relativa á transmisión de dereitos de cobro fronte á administración, se matiza a súa redacción para engadir un segundo parágrafo en aras a concretar a documentación que deberá achegarse para poder tomar razón do dito endoso.

6.- Tendo con conta a falta de regulación das asignacións aos grupos políticos (que si estiveron reguladas en bases de execución do orzamento 2009, prorrogado ata o exercicio 2015), considérase necesario incorporar unha base 77.bis para regulalas con iguais contías que as que se preveían naquel momento.

7.- Tamén se considera necesario modificar a base número 79, relativa ás comisións de servizo, para facilitar a súa xestión administrativa mediante orde de servizo asinada polo alcalde ou concelleiro responsable do servizo.

8.- Finalmente se considera necesario incorporar unha base número 76.bis logo do acordo adoptado na Mesa Xeral de Negociación con data do 25/4/2017 en relación coas retribucións a percibir polo desempeño de postos de traballo con nomeamento accidental.

E sen prexuízo da adecuación lexislativa ás novas Leis, regulamentos ou normativa en xeral que se vai promulgando, así como entender que calquera mención ao exercicio económico de 2016 debe entenderse realizada ao exercicio 2017.

Propoño ao Concello Pleno, logo da ratificación da urxencia da adopción do seguinte acordo fora da orde do día, se procede, o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Modificar a base número 7 das de Execución do Orzamento 2017, que quedaría redactada como segue:

“BASE 7.- VINCULACIÓN XURÍDICA

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no Orzamento Xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas, tendo carácter limitativo e vinculante. En consecuencia, non poderán adquirirse compromisos de gasto en contía superior ao importe dos devanditos créditos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar. O cumprimento de tal limitación verificarase ao nivel de vinculación xurídica establecido no apartado seguinte.

Considérase necesario, para realizar unha adecuada xestión do Orzamento, establecer a seguinte vinculación dos créditos para gastos:

- Respecto da clasificación económica, o capítulo (un dígito)
- Respecto da clasificación por programas, a área de gasto (un dígito).

Non obstante, os créditos previstos para os proxectos de gasto que figuren no anexo de investimentos dos orzamentos cun financiamento afectado, entenderanse vinculantes ata a contía total do gasto afectado (isto é, o 100% do proxecto, incluíndo, de ser o caso, a achega



municipal), de tal xeito que se ben non poderán ceder créditos pola contía afectada, si poderán recibilos doutras aplicacións orzamentarias de conformidade coas regras establecidas nestas bases de execución dos orzamentos.”

**SEGUNDO.-** Corrixir o erro detectado na base de execución número 70 das de execución do orzamento, de forma que

Donde dí:

“As subvencións nominativas concederanse nos termos fixados no Orzamento. Con cargo ao Orzamento do exercicio **2016** prevese conceder as seguintes subvencións nominativas, derivadas de convenios –xa subscritos ou pendentes de subscrición- entre o Concello de Pontedeume e as seguintes entidades (...)”

Debe dicir:

“As subvencións nominativas concederanse nos termos fixados no Orzamento. Con cargo ao Orzamento do exercicio **2017** prevese conceder as seguintes subvencións nominativas, derivadas de convenios –xa subscritos ou pendentes de subscrición- entre o Concello de Pontedeume e as seguintes entidades (...)”

Igualmente calquera outra referencia ao exercicio económico de 2016 deberá entenderse realizada ao exercicio económico de 2017, sendo que tamén deberá entenderse realizada a adecuación lexislativa ás novas Leis, regulamentos ou normativa en xeral que se vai promulgando (referencias á Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común deberán entenderse realizadas ás recentes Leis 39 e 40/2015).

**TERCEIRO.-** Modificar a base 11 das de execución do orzamento, de forma que se engadiría un segundo parágrafo, quedando redactada como segue:

“BASE 11.- DO REXISTRO E ARQUIVO DOS DOCUMENTOS CONTABLES E OS SEUS XUSTIFICANTES

A documentación xustificativa a que se refiren as regras anteriores será arquivada polas oficinas de contabilidade e tesourería, sen necesidade de imprimir os documentos contables, que poderán ser consultados en calquera momento no programa informático así como o seu reflexo contable ao rendirse na Conta Xeral ao Tribunal de Contas”.

**CUARTO.-** Modificar a base 34 das de execución do orzamento engadíndolle un último parágrafo co seguinte tenor literal: “Poderán presentar factura en formato papel aquelas persoas físicas que desenvolvan actividade económica e non teñan obriga de colexiación, sempre e cando a dita factura non supere o importe de 2.000 euros. En todo caso as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requiridas com carácter xeral no Real decreto 1691/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación”.

**QUINTO.-** Modificar a base 49, sobre transmisión de dereitos de cobro fronte á administración, engadindo un segundo parágrafo, de forma que quedaría redactada como segue:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*“De acordo co que se establece no TRLCSP, os contratistas que cedesen os seus dereitos de cobro fronte á Administración haberán de notificar a devandita cesión aos Servizos de Intervención achegando a documentación que sexa precisa para poder de manifesto que a transmisión se ten realizado conforme a dereito.*

*A toma de razón do endoso esixirá a solicitude expresa do interesado. Realizarase no dorso das facturas orixinais ou presentadas a través do FACe logo de ser imprimidas pola Intervención municipal e seguindo os modelos sinalados por ela, na que se fará constar expresamente o caso de non estar a factura debidamente aprobada no momento de realizarse o endoso.*

*En calquera caso será necesario a acreditación da capacidade dos asinantes (endosarios e endosantes). Igualmente xunto coa solicitude deberá presentarse certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. Os endosos serán asinados polos tres claveiros.*

*As propostas de pago que se tramiten despois de recibida esta notificación expediranse a favor do cesionario. O documento contable P incorporará os datos identificativos do cedente a cuxo favor se recoñece a obriga do cesionario a quen se propón o pago”.*

**SEXTO.** - Incorporar unha base de execución número 77.bis co seguinte tenor literal:

**“DOTACIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS POLÍTICOS:**

*De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Pleno da Corporación asigna aos grupos políticos a seguinte dotación económica:*

- Unha cota fixa anual a cada grupo político de 900 €.
- Unha cota anual variable de 300 € por cada un dos membros de cada grupo político

*Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que porán a disposición do Pleno cando este o solicite.*

*Para facer efectiva a dita dotación deberán presentarse os documentos xustificativos que acrediten a realización do gasto polos grupos políticos municipais que acredite que o dito gasto se realizou en gasto corrente, segundo o sinalado no artigo antedito.*

*Os grupos deben dispoñer dun CIF e contar cunha conta bancaria propia, na que o Concello efectuará o ingreso da asignación, e a través da que o grupo abonará os gastos que efectúe con cargo á mesma.*

- Cada gasto efectuado con cargo a esta asignación deberá estar respaldado ca correspondente factura, tique ou documento xustificativo do gasto con validez no tráfico mercantil.
- Os grupos deberán conservar a documentación e información relativa a esta achega durante un período mínimo de catro anos.



*Poderán presentarse cantas xustificacións parciais (mensuais, bimensuais, etc) se considere oportuno, pero en ningún caso o pagamento da xustificación parcial poderá superar o importe máximo das mensualidades devengadas”.*

**SÉTIMO.-** *Modificar a base número 79, relativa ás comisións de servizos, que quedaría redactada como segue:*

*“As axudas de custos e gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Alcaldía ou por outros órganos competentes se axustarán ao disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, entendéndose, para estes efectos, que os membros da corporación están clasificados no grupo 1 do anexo I da dita norma, que tamén será de aplicación ao persoal funcionario e laboral para retribuír as comisións, servizos especiais e asistencias a cursos, que se clasificarán nos grupos 2 e 3 segundo proceda.*

*A designación de comisións de servizos con dereito a indemnización, incluídas as saídas do termo municipal do alcalde, Concelleiros, funcionarios e persoal laboral do Concello corresponderá ao Alcalde ou aos seus concelleiros delegados, mediante Resolución da Alcaldía o u orde de servizo debidamente asinada, previa á realización da dita comisión.*

*Na dita Resolución ou orde de servizo deberá constar o motivo da viaxe, destino, duración prevista, así como se son indemnizables as matrículas dos cursos a que fai referencia o artigo 7 do RD462/2002, de 24 de maio. Igualmente as contías a percibir en concepto de dietas (manutención e aloxamento) serán as establecidas no dito RD462/2002, e serán imputadas ao artigo 23 do estado de gastos do orzamento municipal.*

*En caso de tratarse de comisións de servizo a realizar pola propia Alcaldía, non se esixirá orde de servizo previo pero si xustificación posterior para o seu efectivo cobramento.*

*Os expedientes deberán constar de:*

*1º O xustificante do gasto será o documento que para tal fin se entregará na Tesourería municipal no que constarán tódolos datos para a identificación do servizo e acompañarase de:*

*-Autorización da comisión de servizo (mediante resolución ou mediante orde de servizo autorizando a dita comisión, asinada pola Alcaldía ou polos concelleiros responsables de área). No caso de comisións de servizo realizadas pola propia Alcaldía será necesario indicar o motivo da viaxe, destino e a duración da comisión, acreditando en todo caso a súa realización.*

*- Liquidación dos gastos subscrita polo interesado achegando cantos documentos acrediten a súa realización (por exemplo, certificados de asistencia)*

*- Soamente no caso de pernocta fóra do domicilio, esixírase factura complementaria acreditativa da pernocta.*

*- No caso de que a comisión de servizos sexa por asistencia a cursos ou similares e sempre que estén directamente relacionados co posto de traballo, deberá achegarse copia do certificado de aproveitamento unha vez finalizada a acción formativa e en todo caso certificado de asistencia, sen prexuízo dos pagamentos parciais que se podan realizar ao longo da duración do curso.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2º As cantidades a percibir serano conforme á normativa estatal reguladora de tales indemnizacións e a xustificación realizarase conforme ó previsto nas presentes bases.

3º Este réxime será tamén de aplicación ó personal eventual e laboral asimilándoos para iso ó grupo que corresponda. Cando non exista asimilación previa, para proceder á liquidación das indemnizacións atenderase á titulación académica existente en cada caso.

Autorízase expresamente a utilización de vehículo particular para desprazamentos inferiores a 200 km. A contía a liquidar por kilometraxe será a prevista no RD 462/2002”.

**OITAVO.**- Aprobar a incorporación dunha base número 76.bis co seguinte tenor literal: "As retribucións a percibir polo desempeño de postos de traballo de xeito accidental, serán polo importe das diferenzas salariais complementarias, entre o posto de pertenza e o posto ocupado accidentalmente, durante o tempo que este postos accidental sexa desempeñado."

**NOVENO.**- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme determina o artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**DÉCIMO.**- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado.

*Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime pertinente*

*Asina o Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe."*

A Presidencia xustifica a urxencia do asunto en que se trata por unha banda, de corrección de erros, e por outra de adaptarse á normativa vixente.

De seguido, sométese a votación a RATIFICACIÓN DA URXENCIA E A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, quedando **RATIFICADA POR UNANIMIDADE dos/as membros presentes A URXENCIA E A A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA.**

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte anuncia a abstención do seu grupo na votación do fondo do asunto e que, como na maioría das ocasións, motivada pola falla de tempo para co estudo dos temas.

Dña. Ana Veira García indica que se vai abster. Se ben sobre os erros, concorda con que hai que corrixilos, considera que hai outras cousas que non resultan tan obvias.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado e **4 abstencións** dos membros do Grupo Municipal do PP(3): Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG-AA (1): Dña. Ana María Veira García, o seguinte **ACORDO**:



**PRIMEIRO.**- Modificar a base número 7 das de Execución do Orzamento 2017, que quedaría redactada como segue:

“BASE 7.- VINCULACIÓN XURÍDICA

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal fosen autorizados no Orzamento Xeral ou nas súas modificacións debidamente aprobadas, tendo carácter limitativo e vinculante. En consecuencia, non poderán adquirirse compromisos de gasto en contía superior ao importe dos devanditos créditos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar. O cumprimento de tal limitación verificarase ao nivel de vinculación xurídica establecido no apartado seguinte.

Considérase necesario, para realizar unha adecuada xestión do Orzamento, establecer a seguinte vinculación dos créditos para gastos:

- Respecto da clasificación económica, o capítulo (un díxito)
- Respecto da clasificación por programas, a área de gasto (un díxito).

Non obstante, os créditos previstos para os proxectos de gasto que figuren no anexo de investimentos dos orzamentos cun financiamento afectado, entenderanse vinculantes ata a contía total do gasto afectado (isto é, o 100% do proxecto, incluíndo, de ser o caso, a achega municipal), de tal xeito que se ben non poderán ceder créditos pola contía afectada, si poderán recibilos doutras aplicacións orzamentarias de conformidade coas regras establecidas nestas bases de execución dos orzamentos.”

**SEGUNDO.**- Corrixir o erro detectado na base de execución número 70 das de execución do orzamento, de forma que

Donde dí:

“As subvencións nominativas concederanse nos termos fixados no Orzamento. Con cargo ao Orzamento do exercicio **2016** prevese conceder as seguintes subvencións nominativas, derivadas de convenios –xa subscritos ou pendentes de subscrición- entre o Concello de Pontedeume e as seguintes entidades (...)”

Debe dicir:

“As subvencións nominativas concederanse nos termos fixados no Orzamento. Con cargo ao Orzamento do exercicio **2017** prevese conceder as seguintes subvencións nominativas, derivadas de convenios –xa subscritos ou pendentes de subscrición- entre o Concello de Pontedeume e as seguintes entidades (...)”

Igualmente calquera outra referencia ao exercicio económico de 2016 deberá entenderse realizada ao exercicio económico de 2017, sendo que tamén deberá entenderse realizada a adecuación legislativa ás novas Leis, regulamentos ou normativa en xeral que se vai promulgando (referencias á Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común deberán entenderse realizadas ás recentes Leis 39 e 40/2015).

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.-** Modificar a base 11 das de execución do orzamento, de forma que se engadiría un segundo parágrafo, quedando redactada como segue:

“BASE 11.- DO REXISTRO E ARQUIVO DOS DOCUMENTOS CONTABLES E OS SEUS XUSTIFICANTES

A documentación xustificativa a que se refiren as regras anteriores será arquivada polas oficinas de contabilidade e tesourería, sen necesidade de imprimir os documentos contables, que poderán ser consultados en calquera momento no programa informático así como o seu reflexo contable ao rendirse na Conta Xeral ao Tribunal de Contas”.

**CUARTO.-** Modificar a base 34 das de execución do orzamento engadíndolle un último parágrafo co seguinte tenor literal: “Poderán presentar factura en formato papel aquelas persoas físicas que desenvolvan actividade económica e non teñan obriga de colexiación, sempre e cando a dita factura non supere o importe de 2.000 euros. En todo caso as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requeridas com carácter xeral no Real decreto 1691/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación”.

**QUINTO.-** Modificar a base 49, sobre transmisión de dereitos de cobro fronte á administración, engadindo un segundo parágrafo, de forma que quedaría redactada como segue:

“De acordo co que se establece no TRLCSP, os contratistas que cedesen os seus dereitos de cobro fronte á Administración haberán de notificar a devandita cesión aos Servizos de Intervención achegando a documentación que sexa precisa para poder de manifesto que a transmisión se ten realizado conforme a dereito.

A toma de razón do endoso esixirá a solicitude expresa do interesado. Realizarase no dorso das facturas orixinais ou presentadas a través do FACe logo de ser imprimidas pola Intervención municipal e seguindo os modelos sinalados por ela, na que se fará constar expresamente o caso de non estar a factura debidamente aprobada no momento de realizarse o endoso.

En calquera caso será necesario a acreditación da capacidade dos asinantes (endosarios e endosantes). Igualmente xunto coa solicitude deberá presentarse certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. Os endosos serán asinados polos tres claveiros.

As propostas de pago que se tramiten despois de recibida esta notificación expediranse a favor do cesionario. O documento contable P incorporará os datos identificativos do cedente a cuxo favor se recoñece a obriga do cesionario a quen se propón o pago”.

**SEXTO.-** Incorporar unha base de execución número 77.bis co seguinte tenor literal:

“DOTACIÓN ECONÓMICA DE GRUPOS POLÍTICOS:



De conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Pleno da Corporación asigna aos grupos políticos a seguinte dotación económica:

- Unha cota fixa anual a cada grupo político de 900 €.
- Unha cota anual variable de 300 € por cada un dos membros de cada grupo político

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación, que porán a disposición do Pleno cando este o solicite.

Para facer efectiva a dita dotación deberán presentarse os documentos xustificativos que acrediten a realización do gasto polos grupos políticos municipais que acredite que o dito gasto se realizou en gasto corrente, segundo o sinalado no artigo antedito.

Os grupos deben dispoñer dun CIF e contar cunha conta bancaria propia, na que o Concello efectuará o ingreso da asignación, e a través da que o grupo abonará os gastos que efectúe con cargo á mesma.

- Cada gasto efectuado con cargo a esta asignación deberá estar respaldado ca correspondente factura, tique ou documento xustificativo do gasto con validez no tráfico mercantil.
- Os grupos deberán conservar a documentación e información relativa a esta achega durante un período mínimo de catro anos.

Poderán presentarse cantas xustificacións parciais (mensuais, bimensuais, etc) se considere oportuno, pero en ningún caso o pagamento da xustificación parcial poderá superar o importe máximo das mensualidades devengadas”.

**SÉTIMO.-** Modificar a base número 79, relativa ás comisións de servizos, que quedaría redactada como segue:

“As axudas de custos e gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostas pola Alcaldía ou por outros órganos competentes se axustarán ao disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, entendéndose, para estes efectos, que os membros da corporación están clasificados no grupo 1 do anexo I da dita norma, que tamén será de aplicación ao persoal funcionario e laboral para retribuír as comisións, servizos especiais e asistencias a cursos, que se clasificarán nos grupos 2 e 3 segundo proceda.

A designación de comisións de servizos con dereito a indemnización, incluídas as saídas do termo municipal do alcalde, Concelleiros, funcionarios e persoal laboral do Concello corresponderá ao Alcalde ou aos seus concelleiros delegados, mediante Resolución da Alcaldía o u orde de servizo debidamente asinada, previa á realización da dita comisión.

Na dita Resolución ou orde de servizo deberá constar o motivo da viaxe, destino, duración prevista, así como se son indemnizables as matrículas dos cursos a que fai referencia o artigo 7 do RD462/2002, de 24 de maio. Igualmente as contías a percibir en concepto de dietas (manutención e aloxamento) serán as establecidas no dito RD462/2002, e serán imputadas ao artigo 23 do estado de gastos do orzamento municipal.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En caso de tratarse de comisións de servizo a realizar pola propia Alcaldía, non se esixirá orde de servizo previo pero si xustificación posterior para o seu efectivo cobramento.

Os expedientes deberán constar de:

1º O xustificante do gasto será o documento que para tal fin se entregará na Tesourería municipal no que constarán tódolos datos para a identificación do servizo e acompañarase de:

-Autorización da comisión de servizo (mediante resolución ou mediante orde de servizo autorizando a dita comisión, asinada pola Alcaldía ou polos concelleiros responsables de área). No caso de comisións de servizo realizadas pola propia Alcaldía será necesario indicar o motivo da viaxe, destino e a duración da comisión, acreditando en todo caso a súa realización.

- Liquidación dos gastos subscrita polo interesado achegando cantos documentos acrediten a súa realización (por exemplo, certificados de asistencia)

- Soamente no caso de pernocta fóra do domicilio, esixírase factura complementaria acreditativa da pernocta.

- No caso de que a comisión de servizos sexa por asistencia a cursos ou similares e sempre que estén directamente relacionados co posto de traballo, deberá achegarse copia do certificado de aproveitamento unha vez finalizada a acción formativa e en todo caso certificado de asistencia, sen prexuízo dos pagamentos parciais que se podan realizar ao longo da duración do curso.

2º As cantidades a percibir serano conforme á normativa estatal reguladora de tales indemnizacións e a xustificación realizarase conforme ó previsto nas presentes bases.

3º Este réxime será tamén de aplicación ó personal eventual e laboral asimilándoos para iso ó grupo que corresponda. Cando non exista asimilación previa, para proceder á liquidación das indemnizacións atenderase á titulación académica existente en cada caso.

Autorízase expresamente a utilización de vehículo particular para desprazamentos inferiores a 200 km. A contía a liquidar por kilometraje será a prevista no RD 462/2002”.

**OITAVO.-** Aprobar a incorporación dunha base número 76.bis co seguinte tenor literal: "As retribucións a percibir polo desempeño de postos de traballo de xeito accidental, serán polo importe das diferenzas salariais complementarias, entre o posto de pertenza e o posto ocupado accidentalmente, durante o tempo que este postos accidental sexa desempeñado."

**NOVENO.-** Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme determina o artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**DÉCIMO.-** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado.



[Abandonan a sesión Dna. Ascensión M<sup>a</sup> de Vicente Olarte e Dna. Lucía Varela Martínez, sendo as 13h07min]

## **6.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS (BNG-AA) RELATIVA AO SUPERÁVIT DOS CONCELLOS.**

Dna. Ana Veira García, antes de dar lectura ao texto da moción, pregunta é acaída á situación do Concello de Pontedeume.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que si, que hai remanente e que na Deputación foi presentada a mesma moción por parte do PSOE e o PP.

De seguido, a portavoz do BNG-AA, da lectura ao texto da moción:

### **<<.EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Ministro de Economía vén de gabarse do cumprimento do obxectivo de déficit público do conxunto das administracións públicas en 2016. Na consecución de dito resultado, contribuíu decisivamente a xestión económica das corporacións locais, pois rexistraron un superávit por importe de 7.083 millóns de euros, un 0,6 por 100 do PIB. Non se trata, ademais, dun dato puntual, dado que desde 2012 o sector público local vén rexistrando superávits cada ano, que en termos agregados aproxímase aos 26.000 millóns de euros.*

*Malia este esforzo económico emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017 mantén as restricións implantadas desde 2012 para o destino do superávit, aplicadas coa aprobación da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que no seu artigo 32 establece que o superavit obtido na liquidación orzamentaria destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto. Estas restricións fóronse concretando posteriormente, primeiro a través da disposición adicional 6<sup>a</sup> da LOEPSF introducida pola LO 9/2013 de Control da débeda comercial, coa que se desenvolven os requisitos que deben cumprir os investimentos financeiros sustentábeis, e a continuación coas medidas que se foron prorrogando até hoxe.*

*Estas normas impoñen aos concellos regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit, mesmo no caso de se constatar –como acontece agora na maioría de entidades locais- un período continuado de mellora das finanzas locais. O Goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo da maioría dos concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.*

*Contrasta, por exemplo, que se manteñan as restricións e a exigencia económica aos concellos logo de anos de exemplaridade na xestión orzamentaria e financeira das facendas municipais, ao tempo que se permite unha ampla lasitude na extensión do gasto noutros servizos públicos, sen dúbida menos esenciais en tempos de crise económica e social para amplas capas da sociedade, como é o caso do incremento do gasto asociado aos servizos de defensa, nun 32 por 100.*

*A contención do gasto que se impón ás corporacións locais, ademais de inustificada da perspectiva económica, é arbitraria respecto doutras administracións e non garda relación coas preocupacións e necesidades das maiorías sociais. Contrasta que sendo as entidades locais cumpridoras de estritas obrigas nun escenario económico adverso, cando obteñen unha melloría nos seus resultados, teñan que continuar con limitacións severas mentres que outras políticas públicas, como a citada do gasto militar, xa non tiveron que afrontar unha contracción*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de gasto de tanto calado como a imposta aos concellos e agora son as que teñen a preferencia do Goberno central para expandir a capacidade de gasto

Por todo iso, o Grupo municipal do BNG, presenta o seguinte

### ACORDO

**1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria, se o houber, á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.**

**2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación legislativa:**

**a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.**

**b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.**

**3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.**

**4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións legislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.>>**

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Dña. M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Varela, concelleira do PP, presenta unha emenda transaccional, que de seguido se transcribe:

*“O pleno do concello de Ponte deume insta ao goberno de España a:*

*1. Que leve a cabo unha revisión do deseño e aplicación da regra de gasto seguindo os criterios e normas aprobados no eido da Unión Europea e tendo en conta criterios de estabilidade orzamentaria e de sustentabilidade financeira das administracións públicas.*

*2. Que constitúa un grupo de traballo con representantes do Ministerio de Facenda e Función Pública, as Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias, no que se realizará unha análise da regra de gasto contida na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para adaptala á regulación comunitaria. O resultado destes traballos será verificado pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que velará por que sexa consistente coas mellores prácticas a nivel europeo, que sexa compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e que asegure a neutralidade do ciclo económico sobre a aplicación da regra”.*



A Sra. Piñeiro Varela sustenta a emenda coa seguinte argumentación. Remitíndose á modificación do artigo 135 da Constitución española, que considera foi realizado dende a base do diálogo e do consenso. Fai alusión ao principio de estabilidade orzamentaria acadado durante o goberno de Rodríguez Zapatero, como garantía do mantemento dos servizos públicos, cuxa ignorancia considera que derivou na crise do país. Refírese ás medidas adoptadas por Mariano Rajoy, de racionalización do gasto público, derivaron en que a administración local apareza como a máis saneada do estado, sen se deixar de prestar servizo público algún. Considera que se deben tomar medidas tendentes a favorecer a xestión orzamentaria dos concellos co obxectivo de acadar unha mellor eficiencia e que apoiar e aprobar a Lei de Orzamentos do Estado permitiría levar a cabo investimentos financeiros sostibles.

Indica que o goberno do estado acordou a creación dun grupo de traballo con representación das distintas administracións públicas para o estudo e a revisión do funcionamento da regra de gasto, cun control por parte da aurotridade independente de responsabilidade fiscal e que o goberno plasme as conclusións nunha nova norma, se ben estas revisión debe ser compatible cos compromisos de estabilidade coa Unión Europea.

De seguido, da conta dunha serie de medidas adoptadas en Galicia no ámbito da administración local ao respecto da adaptación ao marco normativo estatal, a través da lei 5/2014 de 27 de maio, derivada da entrada en vigor da lei 27/2013 que, segundo indica, garantiu que os concellos galegos podan continuar prestando todos os servizos públicos que se viñan desenvolvendo, así como que se garantiu que os municipios podan prestar novos servizos, con garantías necesarias para non duplicar a prestación daqueles. Defende a xestión do goberno de Núñez Feijoo para co financiamento das entidaes locais galegas mediante o Fondo de Cooperación Local, cuxas achegas se veñen incrementando.

Concluída a intervención da concelleira do PP, Dna. Ana Veira García pregunta se están dacordo ou non coa moción e indica que non lle quedou clara a emenda do PP.

Dna. M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Varela di que presentan a transaccional a xeito de emenda.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro. O portavoz do Grupo Municipal do PSOE remítese á moción conxunta presentada pola Deputación en decembro de 2016 á hora de manifestar o apoio do seu grupo se ben engadiría outro punto, que sí recollía a moción conxunta da Deputación:

*"Instar ao Goberno de España a: Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE"*

O Sr. Alcalde-Presidente pregunta se acepta a transaccional presentada polo PP.

Dna. Ana Veira di que non, porque non as entende. Sobre a aportación do portavoz do PP di que daría outra visión, menos concreta ao fondo da moción.

D. Bernardo Fernández Piñeiro considera que, en todo caso, necesario o contido da moción e o seu cumprimento xa que se está a constatar que son os concellos os que "pagan" as consecuencias dunha xestión non eficiente de "todos", en referencia aos mal xestionados e poñendo como exemplo de mala xestión ao concello de Madrid, e castigándose aos que cumpren.

Acéptase pola portavoz do BNG-AA integrar a proposta do voceiro do PSOE.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta, coa engádegas, a votación resultando **ADOPTADO** por **por 8 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsdG-PSOE(7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado, e do BNG-AA (1): Dna. Ana María Veira García, e **3**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**abstencións** dos membros do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o seguinte **ACORDO**:

*1. Instar ao Goberno do Estado a derogar o artigo 32-1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para que o noso concello poida destinar o superávit da liquidación orzamentaria, se o houber, á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza.*

*2. Instar ao Goberno do Estado a reformar o resto de normativa vixente relativa ao destino do superávit das corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentábel mentres non se proceda á modificación legislativa:*

*a) Para que poidan investilo en iniciativas e políticas relacionadas cos servizos públicos locais sen a necesidade de xerar novos ingresos e eliminando todos os condicionantes e limitacións vixentes.*

*b) Que os novos requisitos para definir os investimentos financeiros sustentábeis teñan en conta todas as competencias municipais básicas e o obxectivo de que todas as persoas accedan aos servizos públicos esenciais, a eliminación das desigualdades sociais, a mellora do equilibrio territorial e ambiental, e en xeral, o incremento da calidade de vida dos veciños e veciñas.*

*c) Permitir que as entidades locais reinvestan o seu superávit en 2017, sen necesidade de xerar novos ingresos polo mesmo importe, a través dunha autorización legal para esa reinversión que xurda da prórroga orzamentaria dos PGE.*

*3. Instar á Xunta de Galiza a asumir este acordo e a demandar do Goberno do Estado a reforma da actual normativa que impide o investimento do superávit das corporacións locais galegas, nos termos explicitados no punto anterior.*

*4. Trasladar este acordo ao presidente do Goberno do Estado e presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios do Congreso e do Parlamento galego, para que se tramite a modificación da LOEPSF e a introducir as modificacións legislativas necesarias na tramitación dos orzamentos xerais do Estado para 2017.*

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE APOIO Á MODERNIZACIÓN DO TRANSPORTE PÚBLICO E Á MELLORA DA MOBILIDADE EN GALICIA.**

D. Andrés Pérez Pérez da lectura ao texto da moción:

<<A dispoñibilidade dunha oferta de transporte público de viaxeiros que lle dea resposta á demanda da mobilidade obrigada (desprazamentos diarios ao traballo, por motivos educativos, sanitarios, comerciais ou culturais) existente no conxunto do territorio debe construír unha prioridade para as administracións públicas.

Esa prioridade faise máis acusada en Galicia debido ao grande número de núcleos de poboación e a tradicional configuración dos nosos asentamentos que precisan dunha oferta que facilite a conectividade e a mobilidade con criterios de eficacia e eficiencia. Esa oferta debe aproveitar as posibilidades da intermodalidade na procura de sacarlle o máximo partido a cada



modo de transporte para tratar de conformar un sistema que se adapte e cubra as necesidades de cada persoa, independentemente do lugar onde viva ou a onde se teña que desprazar.

Resulta unha evidencia que, tendo en conta o carácter disperso de gran parte da poboación en Galicia, o transporte colectivo en autobús ofrece moitas posibilidades e ten unha gran capacidade para proporcionar unha malla que cubra unha área xeográfica máis ampla, sen prexuízo da súa desexable interoperabilidade con outros medios, en especial co ferrocarril.

Coa finalidade de promover o emprego do transporte público e mellorar a mobilidade no conxunto de Galicia, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha serie de iniciativas tendentes a crear unha estratexia global para mellorar as condicións de accesibilidade ás infraestruturas do transporte para as persoas, e tamén para as mercadorías, con carácter equitativo e universal. Entre estas iniciativas destacan as dirixidas á reordenación e modernización do transporte por estrada mediante o Plan de Transporte Metropolitano nas grandes áreas urbanas de Galicia, a mellora das infraestruturas viarias, a implantación de estacións intermodais, a subvención de peaxes e a implicación para a mellora e complementariedade da oferta ferroviaria.

Desde hai sete anos, o Goberno galego vén promovendo un Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada que, permitiu, entre outros aspectos, a posta en marcha desde 2011 do Transporte Metropolitano de Galicia no contorno das grandes cidades e melloras na calidade dos servizos coa renovación de frota e a incorporación de vehículos cada paso máis accesibles.

Este Plan de Modernización das concesións foi anulado por unha sentenza do Tribunal Supremo (TS) en marzo de 2016, que revocaba outra anterior favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Aínda que o Goberno galego formulou o correspondente recurso a esta sentenza, no Parlamento de Galicia tramitouse e aprobouse unha nova lei-a Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia-para continuar coa modernización do servizo público e a súa plena adaptación ás demandas, incluíndo un novo Plan de transporte público de Galicia (PTPG) dirixido a establecer un sistema multimodal e integrado co obxecto de coordinar a totalidade dos servizos de transporte público que se desenvolvan no territorio galego.

Dentro dese marco normativo e de planificación, a Xunta de Galicia está a dar novos pasos coa elaboración de traballos para un deseño integral da rede de transporte públicos de Galicia, con estudos de campo para a análise da demanda actual e potencial.

Nese traballo de reorganización e modernización integral do mapa de transporte regular por estrada de toda Galicia, o Goberno galego estase a dirixir a todos os municipios afectados para solicitarlle a súa opinión tratando de recoller as necesidades e demandas presentes en cada lugar.

Tendo en conta a importancia deste labor que está a realizar a Xunta de Galicia para a mellora da prestación, de forma racional, optimizando recursos e ofrecendo a maior cobertura en cada zona do territorio, tanto no rural como nas áreas metropolitanas, na procura da consecución dun sistema intermodal que lle dea resposta ás necesidades da poboación; e tendo en conta tamén que a mellora do transporte, da accesibilidade e da vertebración de Galicia debe ser un obxectivo compartido que precisa da implicación de todas as administracións, o Grupo do Partido Popular propón a adhesión do Concello de Pontedeume a este necesario proceso modernizador do transporte galego coa adopción do seguinte acordo:

#### **O Pleno insta ao Goberno Municipal a:**

- 1. Colaborar coa Xunta de Galicia, mesmo co apoio económico, para apoiar a modernización do transporte galego e, en particular:**
  - **O Plan de Transporte Metropolitano, facilitando a integración dos concellos máis rurais da provincia, coas vantaxes de custo e comodidade que esa integración supón para a veciñanza.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A accesibilidade dos autobuses interurbanos nas cidades, medida que mellora a mobilidade da veciñanza das cidades e dos concellos limítrofes.
  - A reordenación e modernización do transporte por estrada que está a elaborar a Administración autonómica, contribuíndo á axustala ás necesidades de todos os concellos da provincia para facelas viables.
2. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a súa implicación técnica e económica neste proceso de modernización do transporte público de viaxeiros da Comunidade Autónoma que está a levar a cabo a Xunta de Galicia. >>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dña. Ana Veira García que quere facer varias preguntas para entender a moción: sobre o “plan de modernización das concesións”, o que entende que pon ao transporte público en mans privadas; sobre a anulación do Plan por sentenza e a posterior tramitación dunha lei; pregunta se o Plan está feito e se neste traballo de modernización o goberno galego se está a dirixir a todos os municipios afectados.

D. José Simoes Couceiro indica que sí se está a dar participación aos concellos.

Continuando coa súa intervención, a Sra. Veira García considera que na moción se fala dun plan de transporte público se ben considera que queda moi sesgada a referencia ao transporte por ferrocarril, demanda do BNG dende hai anos. Se ben están dacordo na importancia da mellora da mobilidade en Galiza, di que bota en falta un punto fundamental: instar á Xunta de Galicia a que faga efectivo o Plan, xa que quen ten a obriga de levalo a cabo é a propia Xunta, non os concellos, os que considera non deben seguir asumindo competencias, e por tanto, asumindo un gasto daquelas que non lles son propias. Considera un despropósito que a Xunta lle pida cartos aos concellos e ás Deputacións.

Conclúe a súa intervención dicindo que considera que a moción indica a incapacidade do goberno galego de solucionar a problemática do transporte público.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o PP confunde o partido coa Xunta ao non solicitar, na moción, nada do goberno galego, que é quen ten as competencias na materia. Di que a Xunta non asume gasto algún cando non ten competencias, re fai referencia aos gastos de mantemento que asumen os concellos nos centros de saúde, educativos..., cando non teñen competencia na materia. Considera que a Xunta, co que aforra, fai un reparto onde goberna o PP, en alusión ás dificultades dos concellos non gobernados polo Popular para acceder a certas subvencións, cando a concesión se fai por orde de solicitude, o que cualifica como “cacicada”. Considera que a moción indica unha incapacidade da Xunta e do PP de quitar adiante o Plan de Transporte. Indica que na Deputación se está a negociar unha declaración institucional sobre este tema, froito dunha negociación entre todos os grupos e que considera é o normal, e non pedir cartos aos concellos, que cualifica de vergonzoso.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, que di que na moción sí se fala do ferrocarril e da interoperabilidade, e que o Plan repercutiría en todos os habitantes do Concello. Defende a xestión da Xunta e considera que o Concello de Ponte deume, non tendo un goberno do PP, sí recibe achegas do goberno galego.

O Sr. Alcalde-Presidente considera que a Xunta debe de replantexarse o reparto dos fondos entre os concellos, tendendo cara un criterio máis xusto e equitativo. Sobre a moción, entendendo e compartindo a necesidade, bota en falta que non se inste á Xunta de Galicia.



D. José Simoes da conta da convocatoria e da celebración dunha xuntanza á que foi el, onde se indicou que había un déficit tremendo en toda a comarca, o que require unha reorganización do servizo. Di que os Concellos non poden asumir o tipo de xestións que se propoñían dende a Xunta. Nunha segunda reunión, di que se plantexou un cuestionario que cualifica como bastante complexo. Conclúe indicando que ás 16h vaise celebrar outra reunión ao respecto.

Logo dun debate, déixase a moción enriba da mesa en aras da celebración dunha Xunta de Portavoces para elaborar unha moción cunha redacción na que se solicite a implicación as distintas administracións e entidades públicas de interese (fegam, transportes...) para a posta en marcha deste Plan.

[Abandona a sesión D. Pedro Amado Sanmartín sendo as 14h24minutos]

## 8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

## 9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.  
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27/04/2017  
Expediente: 2017/G006/000098**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **146.2017** de 24 de marzo ao **206.2017** de 24 de abril, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/000165	INICIO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA MELLORA E PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS NO NÚCLEO DE VALDEVIÑATOS (PAS 2015). EXPTE 2017/C003/000001	147/2017	24/03/2017
2017/G003/000166	INICIO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES DE CONDUCCIÓN XERAL EN CABRÍA (PAS 2015). EXPTE 2017/C003/000002	146/2017	24/03/2017
2017/G003/000175	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA PLENO 30.03.2017	148/2017	27/03/2017
2017/G003/000173	INCIDENCIAS NOMINA MES MARZO 2017.	149/2017	28/03/2017
2017/G003/000174	RESOLUCION NOMINA MES ABRIL DE 2017.	150/2017	28/03/2017

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000176	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES E XESTIÓN DE RESIDUOS PARA OBRA PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015) EXPTE 2016/C003/000002	153/2017	28/03/2017
2017/G003/000172	DESESTIMATORIO de RECURSO REPOSICIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO (SOLÍS LÓPEZ)	152/2017	28/03/2017
2017/G003/000177	EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DA CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO	151/2017	28/03/2017
2017/G003/000178	NOMEAMENTO E RECOÑECIMENTO ANTIGÜIDADE DE DONA LUCÍA VARELA MARTÍNEZ, COMO INTERVENTORA TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME	154/2017	28/03/2017
2017/G003/000186	NOMEAMENTO COMO INTERVENTOR ACCIDENTAL DO FUNCIONARIO DON JOSE LUIS SANDE VÁZQUEZ.	155/2017	31/03/2017
2017/G003/000180	SOLICITUDE SUBVENCION PARA OBRADOIROS DE EMPREGO 2017. CONVENIO COS CONCELLOS DE MIÑO E PADERNE	156/2017	31/03/2017
2017/G003/000183	SOLICITUDE SUBVENCION PARA OBRADOIRO DE EMPREGO 2017. CONVENIO ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, MONFERO E PONTEDEUME.	157/2017	31/03/2017
2017/G003/000179	Mellora dos servizos do Albergue de Peregrinos. Ano 2017	158/2017	31/03/2017
2017/G003/000188	NOMEAMENTO POLICIA LOCAL EN COMISIÓN DE SERVIZOS DE DON PAULO DÍAZ ROMERO.	159/2017	31/03/2017
2017/G003/000190	DECRETO DE LOITO OFICIAL POLO FALECIMENTO DE MATEO GONZÁLEZ MIÑO.	160/2017	31/03/2017
2017/G003/000193	DECRETO DE LUTO OFICIAL POLO FALECIMENTO DO EX ALCALDE DE PONTEDEUME DON CELESTINO SARDIÑA FERNÁNDEZ	161/2017	03/04/2017



2017/G003/000167	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	164/2017	05/04/2017
2017/G003/000168	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	163/2017	05/04/2017
2017/G003/000192	ADDENDA AO DECRETO 65.2017 DE 20 DE FEBREIRO, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PAVILLÓN DA CASQUEIRA. FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2017.	162/2017	05/04/2017
2017/G003/000170	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº2 E FACTURA Nº B608201 00002 DA OBRA -REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME-. EXPTE.Nº 2016/C003/000001.	165/2017	05/04/2017
2017/G003/000139	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO	166/2017	06/04/2017
2017/G003/000197	NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PEL 2017, SUBVENCION DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, ANUALIDADE 2017	167/2017	06/04/2017
2017/G003/000198	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015) (2017/C002/000002)	170/2017	06/04/2017
2017/G003/000199	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 004/17, SUBEXPEDIENTE DE XERACIÓN DE CRÉDITO Nº 02/17 -1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016-.	168/2017	06/04/2017
2017/G003/000201	APROBACIÓN PAGO A XUSTIFICAR Nº7/2017 -TAXA ITV VEHÍCULO 0380CDX-, SERVIZO RECOLLIDA DE LIXO.	169/2017	06/04/2017
2017/G003/000103	RELACIÓN DE FACTURAS O/2017/3	171/2017	06/04/2017
2017/G003/000195	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL IMPAGO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA	172/2017	06/04/2017
2017/G003/000162	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016)-EXPEDIENTE 2016/C003/0000003	173/2017	07/04/2017

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000181	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA GRADERÍO NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016) Expte. 2016/C002/000015	174/2017	07/04/2017
2017/G003/000115	OTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS DE RAZA POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. MANUEL ANDRES VAZQUEZ REGUEIRO	175/2017	07/04/2017
2017/G003/000116	003/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. MARCOS VAZQUEZ REGUEIRO	176/2017	07/04/2017
2017/G003/000117	004/X003. OUTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. NELSON ALLER REY	177/2017	07/04/2017
2017/G003/000158	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	182/2017	07/04/2017
2017/G003/000185	ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS ANO 2017	178/2017	07/04/2017
2017/G003/000191	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA	181/2017	07/04/2017
2017/G003/000200	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	180/2017	07/04/2017
2017/G003/000184	OTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. SILVIA MARIA ROMAUS BLANCO. (005/X003).	179/2017	07/04/2017
2017/G003/000203	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 0000051/2017-M CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	183/2017	10/04/2017
2017/G003/000182	RESOLUCIÓN DESESTIMATORIO ALEGACIÓNS SANCIÓN TRÁFICO (REDRUELLO***)	184/2017	10/04/2017
2017/G003/000202	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO	186/2017	10/04/2017



	POSTOS DE AUXILIAR DA POLICÍA LOCAL.		
2017/G003/000205	EXPEDIENTE DE ADDENDA AO DECRETO 66/2017 DE 20 DE FEBREIRO, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS NOS CONCELLOS DE GALICIA, ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO E VIDEO ACTAS PARA O SALÓN DE PLENOS.	185/2017	10/04/2017
2017/G003/000213	ANTICIPO DE NÓMINA DE D. JESÚS E. GONZÁLEZ LEIRA.	187/2017	11/04/2017
2017/G003/000206	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	188/2017	12/04/2017
2017/G003/000208	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	189/2017	12/04/2017
2017/G003/000210	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	190/2017	12/04/2017
2017/G003/000211	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	191/2017	12/04/2017
2017/G003/000209	DESISTIMENTO DE LICENZA DE OBRAS PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ENTRE MEDIANEIRAS EN RÚA ATAFONA, 26 (PONTEDEUME)	194/2017	12/04/2017
2017/G003/000212	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DE TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	192/2017	12/04/2017
2017/G003/000214	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	193/2017	12/04/2017
2017/G003/000189	Alegacións reingreso ao servizo activo de Da. Esther Leira Penabad	196/2017	12/04/2017
2017/G003/000215	Xustificación subvención Deputación de A Coruña 2.016 para a realización de actividades formativas.	195/2017	12/04/2017
2017/G003/000160	RECTIFICACIÓN LIQUIDACIÓN ICIO POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA Nº 69/2015	197/2017	12/04/2017
2017/G003/000220	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19.04.2017	198/2017	18/04/2017



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000164	APROBACIÓN PLAN ORZAMENTARIO MEDIO PRAZO ANOS 2017-2020	200/2017	18/04/2017
2017/G003/000169	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	199/2017	18/04/2017
2017/G003/000207	INICIO EXPEDIENTES SANCIONADORES TRÁFICO (BOUZA***-VÁZQUEZ***)	201/2017	18/04/2017
2017/G003/000223	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE E PARQUES E XARDÍNS DE 24.04.2017	202/2017	19/04/2017
2017/G003/000221	DECLARACION MODELO 111, RETENCIÓN E INGRESOS A CONTA IRPF. MES DE MARZO DE 2017	203/2017	19/04/2017
2017/G003/000219	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 24.04.2017	204/2017	19/04/2017
2017/G003/000227	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 005/2017 SUBEXPTE.NUM.03/2017.	205/2017	21/04/2017
2017/G003/000228	APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO, APROBACIÓN DO GASTO E SOLICITUDE DE OFERTAS PARA MELLORA ENERXÉTICA NOS PARQUES PÚBLICOS DE PONTEDEUME (2016). EXPTE Nº 2017/C002/000005	206/2017	24/04/2017

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do Grupo Municipal do PP plantexa os seguintes **ROGOS:**

1.- Rogamos pongan un grifo novo en la Fuente “Do Barreiro”, Parroquia de Andrade, el que hay apenas hecha agua, y de paso limpien las fuentes públicas y lavaderos que están en mal estado, por ejemplo la Fuente de Ombre (la que va a Las Fragas), la de Padín, Valdeviñatos etc.

2.- Rogamos soliciten la limpieza de cunetas, caminos y carreteras Provinciales y Autonómicas.



3.- Rogamos repongan el cristal de la marquesina de Esteiro, al lado del Campo de Fútbol del Eume.

4.- Rogamos repongan el cristal roto de la marquesina de la Plaza Rosalía de Castro y de paso limpien la marquesina.

5.- Rogamos retiren un vehículo marca Nissan Primera de color verde que está aparentemente abandonado en la Plaza Rosalía de Castro.

6.- Rogamos revisen la señalización municipal de la micro-toponimia, también la señalización, Fragas do Eume, Castillo de Andrade etc..... ya que la mayoría se encuentran sucias y torcidas.

7.- Solicitamos una acción de erradicación de ratas en la zona del Mirador de Souto da Vila, La Plaza de San Roque y también en las parroquias.

8.- Rogamos limpien la Avda. De Castelao.

9.- Rogamos reparen las farolas rotas en el casco histórico y en las parroquias cada día son más las que están rotas lo que hará prácticamente recuperarlas.

10.- Rogamos la reposición de varias obras derivadas de roturas de abastecimiento de agua y acometidas, algunas de ellas dificultan el tránsito.

11.- Rogamos adecuenten el camino de las escaleras del monumento y las inmediaciones a la Capilla de Breamo ante la proximidad de la Romería de San Miguel de Breamo. Dende a Presidencia indícase que se actuará a vindeira semana.

12.- Rogamos den solución a los ruegos presentados en plenos anteriores por nuestro grupo municipal.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

**1ª.- PAS 2015 “Mellora e pavimentación dos viais no núcleo de Valdeviñatos”. ¿Cuándo va a empezar esta obra?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se ten tramitado polos distintos informes sectoriais preceptivas e que ademais, houbo que agardar á aprobación do PXOM xa que parte do camiño non aparecía nas normas subsidiarias.

D. Andrés Pérez pregunta se está solucionada a problemática.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que “o de abaixo”, que é o que se recolle no proxecto, se ben “o de arriba” non.

**2ª.- ¿Por qué razón se rechaza la oferta económica de lam Rumbo para la obra del graderío del campo de fútbol, contemplada en el POS 2016?**

O Sr. Alcalde-Presidente indica que se atopaban en baixa temeraria e que, segundo os criterios dos técnicos municipais, esta non foi xustificada, dando lectura ao contido do informe técnico.

**3ª.- Les advertimos en el pleno en el que se trató el tema de la Escuela Infantil de que había problemas con los derechos de vistas del edificio colindante y a pesar de todo y con urgencia lo aprobaron sin consultarlo. Se ha perdido una guardería que ya estaría en funcionamiento y se desplazó el proyecto a un lugar inadecuado, ¿nos pueden explicar cómo está el tema en estos momentos y si los plazos para esta construcción se cumplirán?**

D. Benardo Fernández Piñeiro di que non é certo que se aprobara o proxecto sen consultar a legalidade, xa que os técnicos informan sobre a viabilidade daquel. Indica que non se perdeu ningunha gardería, produciéndose un cambio de emprazamento da prevista. Considera que non

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

estaría aberta xa que non habería cartos para asumila. Di que o que se fixo foi optimizar recursos e apostar por un proxecto realista.

Sobre a problemática das vistas, da lectura ao contido dos informes técnicos, que respaldan o proxecto, e ás conclusións.

Indica que hai interposto un “contencioso” e que hai que agardar a ver o que pasa. Apunta a que arrimar a gardería á medianera co edificio colindante, que arrimou, foi unha indicación de “Patrimonio”.

### **4ª.- Hace unos días nos hemos enterado de un grave altercado entre los trabajadores de limpieza viaria, ¿Qué ha pasado? ¿Qué medidas tomó el Concello?**

D. José Simoes Couceiro da conta do sucedido e informa que se ten aberto un expediente, se ben hai que agardar a que se reincorpore un dos traballadores implicados no conflito, que está de baixa.

### **5ª.- El Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 establece unas ayudas para mejora de infraestructuras, dotaciones o instalaciones vinculadas a prestación de servicios municipales. ¿No manejaron más ideas que emplear este dinero en equipamiento del mobiliario y video de actas para el Salón de Plenos?**

O Sr. Alcalde-Presidente di que o goberno anterior non pediu a subvención no ano 2014, que a perderon no 2015 e que non a pediron no 2016.

Defende o obxecto da subvención solicitada, ao tempo que apunta á imposibilidade de xestionar, nun mes, os proxectos e as distintas autorizacións sectoriais que conlevan, facendo referencia á singularidade do Concello de Ponte deume, sendo estas requisito para a concesión das axudas.

Xustifica na optimización de recursos a implantación do sistema de videoactas, reducindo o tempo que o persoal municipal emprega para a súa transcripción.

### **6ª.- La empresa que se va a encargar de la reparación de los adoquines de la Avda. de Rajoy, ¿es la misma que hizo la Alameda?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a empresa é o Concello, xa que estiveron realizando os traballos os traballadores contratados mediante unha subvención. Indica que os contratos vinculados a esta achega van rematar en datas próximas, se ben se vai tratar dar continuidade ás contratacións.

### **7ª.- Queremos saber, ¿por qué a día de hoy sólo se han pintado los laterales y dos pasos de cebra en la carretera de Boebre a Ponte deume?**

O Sr. Alcalde-Presidente indica que a pregunta habería que trasladala á Deputación, se ben di que xa se ten dado traslado ao persoal que se encarga da vixilancia das estradas provinciais e que ten preguntado na Deputación sobre o asunto, onde lle informaron que hai algún tipo de problema coa empresa e que desapareceu unha marquesina que se retirou para a realización da actuación na estrada e que se “deixou tirada” no monte e que alguén roubou.

### **8ª.- ¿Qué bases siguieron para determinar que comercios representarían a Ponte deume en los actos sobre el camino Inglés celebrados en Betanzos el fin de semana pasado?**

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que ao Concello se lle deron unhas directrices ao respecto que comprendían artesanía e gastronomía, polo que se falou cos establecementos que tiveran produtos locais, en concreto proya e constrada.

Dna. M<sup>a</sup> Carmen Piñeiro Varela fai suxire contacto con UCOA.

Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta do custo que supuxo para o Concello a participación nestes actos, un total de 366,50 euros, dos que 300 foron para sufragar a actuación da “Rondalla” e 66,50 dun despregable publicitario.



**9ª.- Tienen ya constancia del incremento o no que va a suponer el llamado catastrazo?, ¿qué piensan hacer?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que aínda non hai datos do Ministerio e di que dende o Concello non se ten autorizado revisión catastral algunha.

**10ª.- ¿Qué novedades hay sobre el Feirón Medieval?**

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que se están a dar os pasos necesarios para a súa celebración.

**11ª.- ¿Tienen ya prevista la programación cultural del verano 2017? ¿qué novedades hay con respecto al anterior?**

Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta das actividades programadas e di que hoxe vai ter lugar unha reunión para a organización do Festival de Habaneras.

**12ª.- Aparte de los obradoiros de emprego, ¿han solicitado algún curso de formación?**

Dase conta de que hai contactos coa Xunta para a organización dun curso de “fitosanitarios” así como da contratación dun axente TIC para a xestión, cun proxecto de formación, da Aula CEMIT, logo de ter sido nomeada aula de referencia, logo de terense incrementado as horas de formación. Indícase que se están a mirar tamén a “formación ocupacional”.

Concluídas as preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular, a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, plantexa os seguintes **ROGOS**:

**1.-PALCO DA MÚSICA DA ALAMEDA.**

Acaba de abrirse ao público a alameda, logo dunha obra de remodelación “eterna”.

Na varanda do palco da música faltan algúns elementos e isto pode provocar que haxa algún incidente cos nenos/as.

**ROGAMOS colocación destes elementos.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que están encargados.

Dna. Ana Veira pregunta se vai haber inauguración oficial.

O Sr. Alcalde-Presidente contesta que sí, se ben se está barallando unha data e que se teñen ofrecido entides do municipio para participar do acto inaugural.

**2.- OBRAS NA ESTRADA DE CENTROÑA.**

Nas obras que se realizan nesta estrada estanse a producir, en determinados momentos do día ( paso dos autobuses escolares) problemas circulatorios xa que non se ten en conta que no espazo existente entre semáforos hai parada escolar.

**PREGAMOS comuniquen á empresa esta situación co fin de que se busquen solucións á mesma.**

Estas obras, sobre todo nas fines de semana non quedan debidamente limpas ( hai moitas pedras e grava) que fan que o paso de vehículos sexa perigoso para estes e para os peóns.

**SOLICITAMOS comunicación á empresa para corrir esta situación.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a actuación é encher de terra e botar grava, quedando barrido. Apunta á velocidade á que circulan os coches como probable causa do problema, xa que non se respeta o límite de velocidade de 20km/h.

**3.- RISCOS NAS RÚAS: EMPREDADO E FONTE NOVA.**

Estas dúas rúas teñen no seu trazado unha forte pendente. O tránsito de vehículos a velocidades inadecuadas, a falla de beirarrúas e a proximidade das vivendas fan que se dean situacións de risco para as persoas.

**PREGAMOS a instalación de algún sistema que axude a reducir a velocidade dos vehículos.**

O Sr. Alcalde-Presidente di que se está a barallar a posibilidade de instalar un “badén”, se ben se suscita a problemática de ser unha zona do Camiño de Santiago.

**4.- PANEIS DE INFORMACIÓN VARIAS.**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En diferentes plenos fíxose mención da necesidade de instalación de paneis informativos. Estamos a chegarnos á época estival que é a de maior afluencia de turistas.

### **SOLICITAMOS a axilización desta actuación prometida.**

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se pode realizar á actuación ata que non se remate coa tramitación da solicitude de subvención que se está a realizar para o este fin.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

#### **1.- UBICACIÓN DO PARQUE INFANTÍL DO PASEO.**

Estase a proceder ao traslado do parque infantil á nova colocación que se atopa moi próxima á beiramar.

A beira dereita está desprovista de protección.

#### **Está previsto acondicionar á beiramar das proteccións axeitadas?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que está prevista unha ampliación da zona verde.

#### **2.- CUBERTA DAS VIVENDAS SOCIAIS.**

Logo dos días de vento.

#### **Que estragos houbo?**

#### **Cal é a situación?**

#### **Quen debe facerse cargo?**

O Sr. Alcalde-Presidente indica que levantou parte do tellado; que a comunidade de propietarias está pendente de facer unha reclamación á Xunta, xa que aínda estaría en garantía a obra.

#### **3.- CUBERTA DO CEIP "COUCEIRO FREIJOMIL".**

Continúan na cuberta sacos plásticos.

#### **Cal é a situación?**

#### **Que medidas se van tomar para evitar que se repitan este tipo de situacións?**

#### **Vaise solicitar algún tipo de informe técnico?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que é competencia da Consellaría, que dende o Concello se contactou co Delegado de Educación e que dende a Xunta se actuou con dilixencia: metéronse sacos, atornillouse a cuberta...se ben está pendente de repoñer os remates. Dende a Consellaría estase a tramitar a reclamación á compañía aseguradora.

#### **4.- ESTACIÓN DO TREN.**

As construcións desta estación, os accesos e a súa contorna están nunha situación deplorable (pintadas, vexetación descoidada, fochancas...). Haille que engadir a isto a falta de información ao público sobre os trens, horarios...

#### **Que proxectos ten o concello para mudar esta situación?**

#### **Que se está a facer para que os responsables desas instalacións leven a cabo a adecuación das mesmas?**

O Sr. Alcalde-Presidente indica que xa se lle trasladou a ADIF a necesidade de rematar coa situación de abandono das infraestruturas.

Dna. Ana Veira pregunta pola fonte.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que pensa que se fixo cando se construe a estación. Di que dende o Concello instalouse a iluminación, tapouse unha fochanca, desbrozouse...; sobre unha actuación para a problemática do servizo de transporte, di que xa houbo reunión solicitando que se "tomen cartas" no asunto.

#### **5.- PRIMAVERA NO CAMIÑO INGLÉS.**



O pasado 22 de abril participouse, en Betanzos, desta actividade organizada pola Deputación da Coruña.

**Que criterio se utilizou para a participación dos diferentes comerciantes?**

**Cal foi o custo da mesma?**

Dase por contestada nunha pregunta do Grupo Municipal do PP.

#### **6.- PÁXINA WEB**

Xa estamos cerca do ecuador da lexislatura. Os grupos políticos son da anterior, os correos da mesma non están actualizados, non son .gal...

**Para cando unha páxina web actualizada?**

**Segue a mesma empresa contratada para este fin?**

Dña. Yolanda Vazquez Busto indica que segue estando a mesma empresa, que se encarga das actualizacións, se ben se está a tramitar a contratación da elaboración e xestión dunha nova páxina web. Di que confía que ao longo do ano esta contratación estea materializada.

#### **7.- FUMIGACIÓN.**

Nestes días, nas inmediacións de zonas frecuentadas por nenos/as (xardíns, preto do C.Público...) puidemos ver a persoal do concello provistos de máscaras fumigando.

**Que tipo de produtos se están a utilizar?**

**Existe algún informe que amose a conveniencia e a repercusión deste tipo de actuacións?**

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se trata dun herbicida ecolóxico: unha solución salina mesturada con vinagre.

#### **REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 15 horas e 39 do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.